

# AIS

Asociación por un Interese Solidario

# O PETO

Outras formas de facer economía



Reflexións dende AIS “O Peto”

(Coords) Suso Casal Taboada e Raúl Asegurado Pérez

“Hai que por en evidencia dúas cousas. A primeira é que de ningunha maneira a globalización, que apela á idea do global, é de todos. Sempre din: “estamos globalizados”. Pois non, mire vostede: hai uns poucos globalizados e outros que están desglobalizados. Uns son os globalizadores e outros os globalizados. Estes últimos sofren como o fumador pasivo, que non goza do tabaco pero se envelena exactamente igual, verdade?”

Mentres globalizan a economía, de todo o demais os globalizadores non querer nin oír falar. Estamos ante unha forma de organización da explotación, cunha técnica moderna, desenvolvida por parte das potencias financeiras e económicas. Paréceme que isto está clarísimo.

Todo o que se faga nese sentido que dis, no sentido de engadirlle ao termo unha calificación que desenmascare o que hai por detrás da globalización, paréceme moi importante”.

Jose Luis Sampedro en conversa con Carlos Taibo. *Sobre política, mercado y convivencia*

ISBN 978-84-935421-0-8



9 788493 542108 >

  
**DANÚ**  
editorial

Asociación por un Interese Solidario

**O PETO**



**A.I.S. "O PETO"**  
R/ San Roque 6 Bis  
CP- 15704 - Santiago de Compostela  
ais\_opeto@hotmail.com  
Telf: 981 57 61 42  
Fax: 981 58 05 06  
www.opeto.org

EDITA: *Editorial Danú, S.L.*  
*Rúa Tras o Pilar nº 6, 2º*  
*15703 Santiago de Compostela*  
*editorialdanu@gmail.com*  
IMPRIME: *Grafinova S.A. - Santiago de Compostela*  
ISBN: *978-84-935421-0-8*  
DL: *C 3283-2007*

*Todo o material deste libro pode ser distribuído, copiado e exhibido por terceiros se se amosa nos créditos. Non se pode obter beneficio comercial e as obras derivadas teñen que estar baixo os mesmos termos de licenza que o traballo orixinal.*

# Índice

<b>Limiar</b> .....	<b>5</b>
<b>Introdución</b> .....	<b>7</b>
<b>1. Análise da globalización capitalista: economía e desigualdades no mundo</b> .....	<b>9</b>
1.1. Globalización neoliberal. ....	9
1.2. Contradicións salientábeis do capitalismo na actualidade. ....	14
1.3. As desigualdades como telón de fondo. ....	20
1.4. O capitalismo popular. ....	21
1.5. O sistema financeiro e os seus investimentos. ....	22
<b>2. Abrindo unha xanela de aire fresco. Alternativas.</b> .....	<b>26</b>
2.1. O novo suxeito histórico. ....	26
2.2. Os movementos sociais e alterglobais .....	26
2.3. A economía alternativa. ....	28
2.4. ¿Que é a Banca ética? .....	28
2.4.1. Criterios de Banca Ética .....	30
2.5. Diferentes xustificacións da acción da "banca ética" .....	31
2.5.1. Liberal .....	31
2.5.2. Religiosa .....	33
2.5.3. Comunista .....	35
2.5.4. Republicana .....	36
2.5.5. Anarquista .....	39
2.6. Unha ferramenta os Microcréditos. ....	40
2.6.1. Resistencias intelectuais ás que ten que dar resposta o uso dos microcréditos. ....	41
2.7. O aforro solidario .....	44
2.8. Unha lóxica económica diferente, ¿En que principios se basea? .....	45
<b>3. AIS "O Peto"</b> .....	<b>47</b>
3.1. A orixe e posta en marcha de AIS "O Peto" .....	47
3.2. pero... Que é AIS "O Peto"? .....	48

<b>4. Outras formas de facer economía</b> .....	<b>50</b>
4.1. Renda básica .....	50
4.2. Comercio xusto .....	53
4.3. Cooperativa de consumidores .....	55
4.4. Cooperativa de produtores .....	57
4.5. Cousoteca .....	60
<b>5. Epilogo. Militancia, economía e seculo XXI.</b> .....	<b>63</b>
<b>Anexos</b> .....	<b>65</b>
<b>Réxime económico do fondo de solidariedade</b> .....	<b>66</b>
<b>Asócia-te: Boletín Alta socio/a</b> .....	<b>69</b>

# Limiar

Dende Ais "O Peto" queremos agradecer a todas as persoas que fixeron posíbel este caderniño, e especialmente a todas aquelas que nos amosaron unha visión concreta e persoal dos diferenes aspectos que traballamos.

As colaboracións que se centraron nunha xustificación teórica dende diversos prismas da acción da economía alternativa, correron a cargo de Esperanza Valín (liberal), Miguel Fernández (relixiosa), Melchor Roel (comunista), Xosé Constenla (republicana), Francisco J. Martínez (libertaria). Pola outra banda das colaboracións, que van encamiñadas á presentación de diversas experiencias prácticas dentro daquelas asociacións que pretenden instaurar unha lóxica económica diferente, tivemos as seguintes; Carmen Bouzas, Adrián Pérez e Virginia Alonso (comercio xuto), Daniel Raventós (renda básica), Gonzalo Gesto (cooperativa de consumidores), Charo López (cooperativa de produtores) e Miguel García (cousoteca). A todos e todas vós, moitas grazas. Grazas alén desta colaboración, polos momentos compartidos que se ben con algúns veñen a ser casi cotiás e de amizade, con outros son encontros de compartir un ideal común, unha loita común, unhas arelas por construír. Grazas porque nestes tempos que transcurren -e tal vez sempre- o mundo está necesitado de vontades recias e militantes que configuren esas "minorías irreductíbeis" capaces de perdurar na resistencia procurando un mañá fraterno.

Agradecer ás persoas que fixeron posíbel a mellora da versión do que aquí presentamos aportando ideas creativas e diversas; grazas Valentín Alvite, como aquelas que colaboraron na edición e corrección, Ana Álvarez, Alberto Barcón... Tamén agradecer na distancia, á persoa que nos amosou e transmitiu a idea desta asociación, amigo Luís Ferreiro.

Por último agradecer aos socios e socias de AIS "O Peto" a confianza depositada en nós para guiar este caderniño, agardamos que sexa frutífero para os fins que nos propuxemos. Grazas.

Raúl e Suso



# Introdución

A pretensión deste caderniño é facilitar unha básica formación para as persoas que, preocupadas por un mundo dominado polo capital e a vontade das persoas que o ostentan, alén das vontades xerais das persoas que configuran as comunidades humanas, desexan asumir de forma responsábel e consciente, unha lóxica diferente, onde sexa a persoa (en toda a súa dimensión) o elemento vertebrador da construción do futuro.

Un futuro onde caibamos todas e todos e onde o factor de crecemento económico non sexa escusa nin obxectivo.

Nunha primeira parte do caderniño imos a adentrarnos no proceso macro no que nos atopamos, a nova fase do capitalismo tardío, o seu proceso de organización e as repercusións que este ten; o que se deu en chamar a globalización (ou mundialización) neoliberal.

Achegarémonos ás formas de organización deste proceso produtivo onde novos valores cobran gran vixencia, como a flexibilización, a deslocalización, a temporalidade, etc..., así como as repercusións que a globalización ten espallado: a desigualdade tanto na relación centro-periferia do sistema de dominación, así como as repercusións e diferencias no propio núcleo.

Atenderemos brevemente ao proceso actual, onde podemos enumerar unha serie de cuestións que a globalización provoca en relación cos centros de poder, mais sobre todo, debemos analizar cal é o novo paradigma de participación social propiciado pola actual mundialización, onde os centros de poder reais xa non dependen da tradición democrática asimilada polas sociedades occidentais.

Deste xeito, abriremos un abano importante de interrogantes, plantexándonos xa de entrada se realmente podemos falar de democracia, se hai espazo real para a toma de decisións por parte da política, se o elemento central da teoría democrática, é dicir, os partidos políticos, teñen capacidade de decisión dalgún tipo, se realmente son libres, se poden plantexar cuestións alén dos intereses das propias empresas que os financian, etc... Unha longa batería de interrogantes que debemos ter presentes á hora de plantexarnos as posíbeis estratexias que debemos adoitara para superar a actual crise democrática na que viven as nosas sociedades.

Nun mundo onde o capital prima por riba das persoas, por riba das sociedades e por riba da política, que existan lexións famélicas no mundo, que a maioría dos pobos do planeta estean coartados de liberdade, que as persoas non poidan loitar polas súas aspiracións vitais, en definitiva, que o ser humano (entendido no seu senso máis extenso, alén do individualismo inmediato) non teña capacidade de dirixir a súa propia vida, emerxe como o reflexo natural do planeta. A diverxencia entre un reducido núcleo dominante e unha inmensa periferia dominada, experimenta un proceso de crecemento e fortalecemento inhumano, onde a relación vítima e verdugo poucas veces foi tan explícita ao longo da historia.



Despois de ter analizado e presentado todo isto, daremos un segundo paso cara a implicación do mundo financeiro nestes procesos, explicando cal é o papel que xoga as finanzas na lóxica organización neoliberal, así como aproximarnos aos investimentos da banca convencional e as súas repercusións nas guerras, no deterioro do medio ambiente, na explotación laboral, etc...

O seguinte apartado será a presentación da alternativa do aforro solidario e o financiamento ético como cuestión propia da nosa asociación, adicándolle un apartado enteiro ao seu plantexamento e á forma concreta de poder levalo adiante, atendendo aos valores e á alternativa real que plantexa.

Unha vez explicado en que consiste, e previo á presentación concreta de AIS "O Peto" que é, e cales son os criterios do que se deu en chamar "banca ética", pasaremos a presentar diferentes xustificacións desta acción, atendendo a diversas formas de comprendelo e asimilalo, co obxectivo de sinalar a pluralidade de comprensións que abarca esta a nosa proposta como alternativa real, plural e heteroxénea, á forma de racionalización do sistema actual.

A cuarta parte será a presentación de diferentes alternativas á lóxica do sistema de dominación espallado, que se están a dar en forma de expresións dialécticas, algunhas das cales veñen a manifestar máis claramente, a necesidade de novas estratexias encamiñadas á busca de alternativas a un modelo de desenvolvemento social inxusto, ambientalmente insostíbel e politicamente incompatible co desenvolvemento da democracia e os dereitos de cidadanía.

Neste senso, se apresentarán as iniciativas de Comercio xusto, Renda básica, Cooperativa de consumo, Cooperativa de produtores e Cousoteca. Para esta cuestión contaremos con colaboracións de diferentes asociacións e persoas vencelladas a cada unha destas iniciativas.

AIS "O Peto" é membro da Rede da Renda Básica, é por isto que a súa inclusión non só resposta ao coñecemento e difusión, senón como expresión de valores que defendemos e reivindicamos na praxe cotiá da asociación.

O caderniño rematará cun epílogo en forma de manifesto, sobre a necesidade de asumir conscientemente a responsabilidade civil de construír a sociedade na que estamos inmersos, tentando recuperar o protagonismo das nosas propias vidas e das nosas comunidades, facendo fincapé na cuestión da economía e propoñendo novas formas de asumir a nosa relación con ela, dende a austeridade, o sacrificio e a militancia na construción dun século XXI que crebe o proceso de acumulación e crecemento económico capitaneado pola minoría elitista e emerxa un mundo sustentábel, respetuoso, equitativo, democrático, etc...

# I. Análise da globalización capitalista: economía e desigualdades no mundo

## I.1. Globalización neoliberal.

### **Neoliberalismo e globalización**

O capitalismo actual tense conceptualizado tamén dun xeito máis informal, como neoliberalismo ou capitalismo neoliberal. O neoliberalismo sería un modo de funcionamento do capital oposto ao keynesianismo do período da posguerra, e caracterizaríase polo retorno aos mercados libres, a fin do proteccionismo e da regulación estatal da economía, e o desmantelamento do Estado de benestar. Non cabe dúbida de que hai moito de verdade nesta oposición, especialmente no que respecta aos aspectos sociais: o keynesianismo tentou integrar certas reivindicacións do movemento obreiro no seu funcionamento, mentres que o neoliberalismo é unha ofensiva en toda a regra contra os traballadores.

En primeiro lugar, a ideoloxía neoliberal reivindica o mercado e o capital contra o Estado, pero o certo é que o capitalismo realmente existente depende profundamente da súa simbiose cos aparellos estatais. Este aspecto ten sido subliñado polos autores da escola do sistema-mundo, comezando pola xa clásica tese de Fernand Braudel segundo a cal “o capitalismo só triunfa cando se identifica co Estado, cando é o Estado”<sup>1</sup>.

En lugar de falar entón de Estado *versus* capital, ou de neoliberalismo *versus* keynesianismo, habería que falar máis ben do capital e a “man dereita do Estado” contra esa “man esquerda do Estado” que sostén os servizos sociais<sup>2</sup>, ou dun keynesianismo aristocrático *reaganita* ou *clintonita* contra un keynesianismo plebeo do pleno emprego.

A oposición entre mercados e Estados reaparece noutra forma na ideoloxía da globalización, segundo a cal a integración progresiva das economías nun só tecido transnacional é un novo ingrediente, cualitativamente diferente, do capitalismo actual, e provoca ademais un declive progresivo do Estado-nación e dos seus mecanismos de control. Emporiso, moitos analistas da esquerda consideran que esta visión do capitalismo globalizado é esencialmente errónea, e insisten no papel crucial dos Estados —e sobre todo dalgúns deles— na xestión da integración económica global. Leo Panitch escribe: “as políticas de desregulación que puxeron en marcha a globalización non involucraron tan só unha serie de regras novas que permitían funcionar os mercados libres. Tamén incrementaron o dominio político e a capacidade de intervención dos bancos centrais e os ministerios de finanzas. Trátase dunha nova relación

---

<sup>1</sup> BRAUDEL, F. *La dinámica del capitalismo*. Madrid, Alianza Editorial, 1985, p. 78

<sup>2</sup> Bourdieu, Pierre. *Cortafuegos*.

sistémica entre o Estado e o capital que non fixo diminuír o papel dos Estados”<sup>3</sup>. Así mesmo, é pouco críble que a onda da globalización que estamos a vivir sexa un proceso sen precedentes. A idea de que a dinámica dos Estados-nación está inserida nun único sistema capitalista mundial que cobre o con xunto do globo é un ingrediente esencial do paradigma do sistema-mundo e aparece articulada xa nas teorías clásicas do imperialismo (Hobson, Lenin), nas obras de Baran e Sweezy dos anos cincuenta e sesenta, e na teoría da dependencia (Ar dré Gunder Frank, Samir Amin, Theotónio dos Santos).

Esta cuestión da flexibilidade que acabamos de tratar é o que Harvey e cada vez máis autores críticos dan a coñecer co nome de postfordismo, unha etapa histórica onde o modo de produción mudou totalmente coa identificación de máxima produtividade material co estatismo social e produtivo.

Non imos a pararnos moito en definir e matizar o concepto de globalización, xa que o mesmo concepto ten en si detractores e defensores, si apuntar a consideración apuntada por Carlos Taibo das palabras que o vocablo globalización veu a substituír: capitalismo e imperialismo. Imos centrarnos na modalidade concreta de globalización que etiquetaremos de “neoliberal”. Así entendido imos a dar dúas definicións :

“A globalización imperial é a constitución dun imperio económico liberal totalmente sometido aos mecanismos do mercado a escala planetaria, e no que os grandes centros financeiros máis que os Estados-nación, son os que dictan as súas leis e organizan, para o seu único proveito, a economía do planeta”<sup>4</sup>.

“A globalización para as empresas do meu grupo, é a liberdade de investir cando e onde queiran, de producir o que queiran e de sufrir as menores restricións posibles derivadas da lexislación laboral e dos negocios”<sup>5</sup>.

Na actualidade podemos enumerar unha serie de cuestións que a globalización provoca en relación cos centros de poder, mais sobre todo, debemos analizar cal é o novo paradigma de participación social propiciado pola actual mundialización, onde os centros de poder reais xa non dependen da tradición democrática asimilada polas sociedades occidentais.

Falar dos Estados Nacións é falar dunha forma de organización que emerxe a partir da Revolución Francesa, unha forma particular de estruturar a sociedade e o goberno a través dunha vinculación cun territorio e coa sociedade que se atopa vencellado a el, e cunhas formas concretas de concreción do poder.

---

<sup>3</sup> PANITCH, L. *The nex imperial state*. New Left Review 2, 2000.

<sup>4</sup> NAIR, Sami. “La modernidad en contra del choque de civilizaciones” en *Frente a la razón del más fuerte*. 2005, pax. 51.

<sup>5</sup> Percy Barnevik (antigo presidente director xeral do xigante helvético-suízo ABB -Asea-Brown Boveri-, designado varias veces “home de negocios do ano” polas grandes revistas de negocios internacionais. Esta aclaración e a cita en: GEORGE, Susan e WOLF, Martin. *La glogalización liberal. A favor y en contra*. 2003, pág 23.

O Estado foi dende séculos atrás o núcleo do sistema de organización das sociedades, dos movementos sociais, configuraban o espazo no que se reclutaban as elites, e dende onde se participaba na construción internacional.

Deste mesmo xeito, os Estados Nacións<sup>6</sup>, eran os garantes da independencia das sociedades, eran os que, a través da separación de poderes, permitían que cada Estado (e as sociedades vencelladas a el) fora autónomo e libre na súa toma de decisións para procurar o propio artellamento da súa realidade.

Na actualidade podemos falar abertamente dunha crise dos estados nacións como os garantes da soberanía popular, e dos estados de benestar como garantes dos procesos que se realizan dentro do estado para a salvagarda dos dereitos dos cidadáns.

Sobre a crise dos Estados Nacións debemos situala nesa perda de garantía dos dereitos de soberanía das sociedades vencelladas a ese espazo concreto. No actual proceso de mundialización e máis concretamente no caso da construción da Unión Europea, o cese por parte dos Estados dunha serie de decisións e competencias a este ente supranacional evidencia unha perda de democratización.

Cada vez máis decisións que afectan á vida dos individuos tómase fora do Estado, se os individuos son os que deciden quen goberna os estados, pero non eses entes supranacionais, hai un espazo en que a participación (a democracia entendida no senso máis amplo) está censurada.

E aínda máis se pensamos en todas aquelas organizacións que non son nin sequer minimamente democráticas mais nas que participan dirixentes políticos, banqueiros, empresarios etc..., co seu exemplo paradigmático no caso do Club Bilderberg<sup>7</sup>.

En canto ao caso dos Estados de Benestar, hoxe podemos afirmar, que un goberno non ten capacidade para establecer as políticas sociais, laborais, económicas, etc... que afecta aos seus cidadáns, senón que están á mercede da vontade dos capitais, uns capitais desregularizados e sen control público.

Mais a cuestión que hai detrás de todo isto, que afecta tanto á crise do Estado-Nación como a crise dos Estados de Benestar, é a cuestión nuclear da economía, unha

---

<sup>6</sup> Gustaríame facer unhas matizacións para centrar e clarificar os conceptos. En primeiro lugar, a distinción entre Estados-Nacións e nacións (con ou sen estado), a concepción xacobina espallada trala Revolución Francesa levou a esta vinculación de comprensión do panorama internacional na identificación entre Estados coas nacións, e pode levarnos a equívocos, no presente traballo usaremos o concepto de Estado para referirnos ao espazo social e político onde se dan as meirandes cotas de representación cidadá no presente histórico.

<sup>7</sup> "Imaxínese un club onde os máis importantes presidentes, primeiros ministros e banqueiros do mundo mestúranse entre si, onde a realeza está presente para asegurarse de que todo o mundo se leva ben, onde a xente poderosa responsable de comezar guerras, influir nos mercados e dictar as súas órdes a Europa enteira di o que nunca se atreveu a dicir en público." ESTULIN DANIEL, *La verdadera historia del Club Bilderberg*. 2005 pax. 25.

economía interdependente dos axentes produtivos espallados polo mundo, e independente das regulacións Estatais. A inxerencia dos gobernos na economía (propio do Estado de Benestar) considérase como unha agresión á liberdade económica (que se identifica coa liberdade total dos individuos), e son castigados polos múltiples mecanismos de presión que existen (deslocalizacións de empresas, etc...)

Todo isto conlévanos a falar do concepto de posdemocracia; a democracia está sendo superada, e que se abre un novo paradigma de interrelación, de coerción, de expresión de poder, etc..., é unha realidade que temos que ir asimilando.

Collin Crouch afirma *“o concepto de posdemocracia nos axuda a describir aquelas situación nas que o aburrimiento, a frustración e a desilusión lograron arraigar tras un momento democrático, e os poderosos intereses dunha minoría contan moito máis que os do conxunto de persoas (...), institucións nas que as elites políticas aprederon a sortear e a manipular as demandas populares e as persoas deben ser persuadidas para votar mediante campañas publicitarias”*<sup>8</sup>

Analizar o concepto de posdemocracia é unha tarefa necesaria para evidenciar o estado actual das sociedade e do seu grao democrático a nivel estrutural e superestrutural.

En canto á estrutura das sociedades actuais, haberá que mencionar o desencanto xeneralizado que vive a sociedade referente aos seus gobernos e ao seu sistema político, unha sociedade que vive de costas a política que os goberna, que non agarda nada dela, que non a respalda nin participa dela. Unha relación rota que somentes tenta vencellarse mediante o sistema electoral, cada vez menos apreciado, con menor participación, habendo moitos gobernos eleitos en occidente cunha participación electoral menor do 60%.

En canto á superestrutura, debemos ter presente unha longa evolución do que constitúe o elemento central da Teoría Democrática, é dicir, dos partidos políticos, e da evolución dese papel que xogan de mediación entre poder e cidadanía.

Podemos dicir que tradicionalmente, os partidos políticos debían a súa razón de ser a unha ideoloxía e a unha base social que os sustentaba, con recursos tanto humanos, sociais e económicos, hoxendía esto xa non é así, os partidos políticos na súa inmensa maioría están subvencionados por empresas privadas (tamén bancas) e son a elas ás que deben a súa existencia. (Un exemplo curioso é que a General Motors subvenciona tanto ao partido republicano como ao demócrata en EEUU, o que nos pode dar unha mostra de a quen ten que beneficiar ou priorizar nos seus intereses, sexa o goberno que sexa o que se estableza neste país). Isto mesmo acontece coa débeda que teñen contraída os dous maiores partidos políticos do Reino de España coas bancas (PSOE e PP), e por tanto a elas si lle deben un contrato de fidelidade e sumisión e non á soberanía nacional.

---

<sup>8</sup> CROUCH, Collin. *Posdemocracia* 2004, páxina 35

Hai que ter en conta que a perda da diferenciación entre o espazo privado e o público é un dos factores que explica este déficit democrático.

Ante o enorme poder das empresas e dos grupos económicos no sistema de mercado é preciso lembrar que o interese privado e o interese público non teñen sempre os mesmos obxectivos, aínda que coincidan en parte. As empresas persiguen unha prosperidade reflectida nas máximas ganancias posíbeis, mentres que o interese común busca fins máis variados aos que moitas veces hai que sacrificar o beneficio económico; fins tales como<sup>9</sup> a saúde pública, a mellora da educación, o respecto pola natureza, valores inmateriais (tolerancia), actividades estéticas (urbanismo), a cohesión social, etc. . .

Neste senso Bourdieu sinala que o Estado é unha realidade ambigua, e presenta un paradigma crítico incluso coa xeralización que dende outros postulados (Chomsky, Taibo, etc. . .) fanse de afirmar que este é un instrumento ao servizo dos dominadores. O Estado non é completamente neutral, completamente independente dos dominadores, pero ten unha autonomía tanta maior canto maior é a súa antigüidade, maior é a súa forza, maior é o número de conquistas sociais importantes que rexistrou na súa estrutura, etcétera. É o espazo de conflitos -incluso entre os diferentes ministerios-. Para facer fronte á *involución do Estado*<sup>10</sup>, é dicir, á regresión cara a un Estado penal, encargado da represión e que prescinda pouco a pouco das súas funcións sociais (educación, sanidade, asistencia. . .), o movemento social pode atopar apoios por parte dos ministerios responsábeis dos asuntos sociais, encargados da axuda aos parados de longa duración, que se preocupan polas rupturas da cohesión social, polo paro, etc. , e que se opoñen aos ministerios financeiros, que só queren falar das presións da globalización e do lugar do Estado no mundo.

A globalización é un mito no peor senso do termo, un discurso poderoso, unha idea matriz, unha idea que ten forza social, que consegue que se crea nela. É a arma principal das loitas contra as adquisicións do Estado de Benestar: dicíndose que os traballadores europeos deben competir cos traballadores e traballadoras menos favorecidos do resto do mundo. Deste modo ofrécense como modelos aos traballadores europeos países onde o salario mínimo non existe, onde os obreiros traballan doce horas diarias por salarios que oscilan entre unha cuarta e unha decimoquinta parte dos europeos, onde non existen sindicatos, onde o traballo infantil é algo habitual, etc. E en nome de semellante modelo imponse a flexibilidade, outra palabra clave do liberalismo, ou sexa, o traballo nocturno, o traballo os fins de semana, os horarios de traballo irregulares, e outras lindezas inscritas dende tempo inmemorial nos soños patronais. En xeral, o neoliberalismo recupera, arroupadas cunha mensaxe moi elegante e moi moderna, as máis rancias ideas da máis rancia patronal.

---

<sup>9</sup> SAMPEDRO, José Luis. *El mercado y la globalización*, 2002.

<sup>10</sup> Termo usado por P. Bourdieu nunha intervención ante a Confederación Xeral de Traballadores Gregos (CXTG), reunida en Atenas en outubro de 1996, e posteriormente recollida nun artigo con título *El mito de la "munidalización" y el Estado Social Europeo*.

## **I.2. Contradicións salientábeis do capitalismo na actualidade.**

A nosa xa non é unha sociedade máis ou menos ordenada ou en *status quo*, nin tampouco oferta aquela estabilidade plena de que gozaban os habitantes da Modernidade. Ao contrario, a incertidume entrou pola porta traseira chegando a converterse en protagonista dunha sociedade que, pese a un sistema económico hexemónico, paradoxicamente logra conxugar o global e o local, posibilita a aparición de novas formas de organización social, tende á transdisciplinabilidade máis que a especialización científica, é interactiva e á vez individualista, configurando en suma, uns rasgos caóticos, disgregantes e impredecibles.

Ante un escenario caracterizado polo cambio, cunha concepción económica predominante e onde as desigualdades sociais se afondan e se fan cada vez máis patentes coa globalización, cabe preguntar se é posíbel pensar en novas formas de organización económica, novos enfoques quizá micropolíticos, novas maneiras que revertan a hexemonía capitalista en que estamos inmersos. (S. George: 2001) A mellor resposta está hoxe nun conxunto de iniciativas que desde diferentes colectivos e organizacións sociais, están cuestionando as formas tradicionais de entender a economía e propoñendo á vez opcións de organización máis distributivas, democráticas e solidarias.

Ditas experiencias están contribuíndo a transformar o sistema social a través dun facer que soterra as lóxicas predominantes e inaugure outras inspiradas en outros principios. Trátase, por tanto, dunha redefinición da relación de forzas dos actores que se atopan no circuíto económico (sabendo que a día de hoxe estas forzas están moi descompensadas).

Estas asociacións ou organizacións, están a apropiarse dun poder social propio da cidadanía que estaba esquecido, materializando a analítica de poder de Foucault (2003), segundo a cal o poder non é sinónimo de autoridade, senón que está presente en todas partes, é inmanente a todas as relacións, porque ven de abaixo. Comprenderon que o poder non se posúe senón que se exerce; que non é propiedade dunha clase ou grupo social, senón que pode tomar vida en calquera individuo ou grupo, porque o poder é máis unha situación estratéxica complexa, que unha condición dada a priori.

Toda esta asimilación de poder por parte dos movementos sociais ven determinada pola necesidade de dar resposta ao sistema neoliberal imperante, onde o fundamentalismo do libre mercado intenta expandirse a esferas que nada ou moi pouco teñen que ver co mundo dos negocios.

Na actualidade e dentro do pensamento económico estándar (A. González Viéitez: 2003), plantexar a proposta da Economía Solidaria resulta, a todas luces, intempestivo. Porque das dúas grandes estratexias que puido asumir a economía ao longo da historia da humanidade, buscar eficiencia e obter equidade, no mundo en que vivimos, a concepción hexemónica ven señoreada polo criterio de eficiencia.

Criterio que se artella e desenvolve no escenario do mercado. Baixo a hipótese da competencia e do acordo cos criterios do liberalismo máis doutrinario. (É. Toussannint: 2001) Porque a eficiencia vai a depender exclusivamente da competitividade en calidade e custos.

Mais en termos analíticos, sería preciso sistematizar algunhas das contradicións do capitalismo, neste senso sinalarei as seguintes:

#### **PRIMEIRA:**

Cando se fala de mercado, ocúltase de forma deliberada a obviedade de que hai múltiples clases de mercado. E que en principio a eficiencia, argumentado e comprobado na ciencia económica, só é atribuíbel ao mercado de competencia perfecta. No que, recórdese e como mínimo, todos os axentes han de ser de todo transparente, sen asimetrías na información, e, ademais, non poden darse externalidades, nin positivas nin negativas.

Cando se levan as cousas a ese extremo, todo o mundo ten que aceptar que tal tipo de mercado non existe; é unha ensoñación, unha construción abstracta. Que se asume coa finalidade de reproducir, no mundo social e a través dun poder oculto, un mundo ordenado e que resposta á perfección a unha construción social que non precisaría de ningún tipo de intervención política. En moitas teorías a esta ordenación chamaríase a orde natural.

Pero ante esta visión cómpre sinalar que o que realmente existe son mercados de competencia imperfecta, nos cales non pode funcionar o mecanismo da libre competencia. A competencia tampouco é un factor de ordenación humana, pois esta soe ser feroz e non resposta ás necesidades humanas reais, senón ao lucro da minoría. Por competencia, as multinacionais expropian os recursos naturais de sociedades que non teñen cubertas as súas necesidades básicas, noutras épocas históricas, por competencia, o abuso das colonias non amosaban unha ordenación racional da sociedade.

Neste senso, os procesos de concentración que se veñen dando dende hai moito tempo e os recentes de hiperconcentración empresarial, van definindo escenarios económicos nos que o propio concepto de competitividade deixa de ter un senso unívoco.

Agora, o ser competitivo non vai a ter que ver coas condicións requiridas na libre competencia, senón coa dimensión do complexo empresarial, ao marxe da marca, a cota de mercado e a consistencia e calidade dos servizos de distribución e postventa. No fondo, vai a depender do poder de mercado das empresas. E para que haxa máis competencia e poder competir en mellores condicións, as empresas teñen que ser cada vez máis grandes e poderosas e ocupar os primeiros postos de calquera clasificación. E aparece con todo vigor a contradicción de base, porque o número de empresas terá que diminuír, con que haberá menos competencia.

Coa maduración destes procesos, o mercado destas grandes empresas non pode seguir sendo o tradicional e estreito mercado dos vellos Estado nacionais, e moito



menos, no pequeno comercio local. A súa actividade vaise a ter que desenvolver ao longo e ancho de todo o mundo, cunha estratexia trasnacional ou multinacional. Organizarán a súa produción nalgúns países, a ensamblarán noutros, a porán a vender noutros distintos, ao tempo que poden establecer a súas oficinas centrais en calquera outro lugar.

A utilizar esta estratexia para organizar a súa actividade, as multinacionais deixan de estar obrigadas a utilizar os procedementos do comercio internacional baseado nas vantaxas comparativas, para que o tipo de produción poida beneficiarse sempre.

Nestas condicións, onde o poder e as estratexias monopolistas son as principais características dos mercados, a economía solidaria non parece representar ningún papel protagonista nas relacións económicas. E funcionará a lei do máis forte.

## SEGUNDA:

A segunda contradición está relacionada cos fallos do mercado. É certo que hai un debate nucleado ao redor da teoría da elección pública, sobre se os erros do non mercado (é dicir, os erros producidos pola intervención das administracións públicas) son de igual ou superior rango que os do mercado. Ante isto debemos salienta que ao non ser a solidariedade un valor que abunda nos mercados, para poder analizala e xestionala, debemos centrarnos xustamente nos fallos deses mercados, para ver ata onde chega a súa inexistencia.

Dende a perspectiva do enfoque da Economía solidaria debemos reter que se soe considerar a existencia de dous tipos de erros do mercado. Dun lado, os que afectan á eficiencia e, doutro, os que afectan á equidade. E aínda que, aparentemente deberíamos preocuparnos só dos segundos, imos a comentar tamén os primeiros.

Vexamos algúns dos erros que soen englobar dentro dos que afectan á eficiencia dos mercados:

- Os monopolios naturais. Cando, por razóns tecnolóxicas ou de dimensión, só cabe unha empresa no mercado, a competencia perfecta é inalcanzábel.
- Existencia de externalidades. Por exemplo, o recalentamento da atmosfera que trae como consecuencia o cambio climático -estes erros non só afectan á eficiencia do mercado, trátase de agresións insostíbeis contra a capacidade de renovarse da biosfera-. As reticencias para a redución de emisións de gases e para o uso de enerxías alternativas non contaminantes, son exemplo de comportamentos ineficientes para o xénero humano e a vida en xeral do planeta.
- Bens públicos. Trátase de aqueles bens ou servizos que ao non poder excluír a ningún do seu goce, ademais de ser moi difícil o seu cobro individualizado, non serán producidos polos mercados. Esta é a razón, por exemplo de que o viario urbano teña un sistema de alumeadado público e non privado.
- Os mercados financeiros. Pero isto o trataremos máis adiante, pero para adentrarnos nisto só salienta as crises económicas que se van sucedendo en México, Sureste

asiático, América do Sul, Rusia, etc..., onde existe un feito revelador. A activación, explosión e contaxio destas crises prodúcese naqueles mercados que están máis próximos ás condicións da competencia perfecta: mercados monetarios e financeiros.

Agora pasemos a falar dos erros do mercado por razóns de equidade. E teremos que comezar a falar da distribución funcional e persoal da renda. De como, en primeiro lugar, distribúese en forma de rendas para os propietarios dos recursos naturais, intereses para os capitalistas, salarios para os obreiros e beneficios para os empresarios. En segundo termo, está a forma en como se distribúen todas esas rendas entre todas e cada unha das persoas, de acordo coas súas tendencias dos factores de produción, é dicir, función da súa riqueza.

Así, se nos colocamos na situación dun caso sen influencia de ningún tipo, sen contaminación ideolóxica do mercado, a primeira cuestión que nos asalta ante o dito ata aquí, e máis si se nos situamos na perspectiva da economía solidaria sería: ¿como é posíbel que o traballo humano sexa retribuído de acordo coas mesmas regras e características que o resto dos factores de produción, por exemplo, o capital?

Esto xa foi advertido por Jonh Stuart Mill cando afirmaba que era necesario facer a debida distinción entre as leis de produción da riqueza -que son en realidade leis da natureza e dependen das propiedades dos obxectos- e as formas da súa distribución, as cales, suxeitas a determinadas condicións, dependen da vontade humana.

Certo é que xa fora Marx quen con máis transcendencia económica, social e política, inventara a economía solidaria. "A cada quen segundo as súas necesidades; de cada quen segundo as súas capacidades" emanando esto como resultante final dunha historia, que sempre foi e "ata os nosos días é a historia da loita de clases".

Nun pequeno e breve repaso da aportación marxista á economía solidaria, habería que vertebrala en relación co proletariado e a visión deste suxeito histórico, mais como este tema xa o traballamos noutro epígrafa, imos a mencionalo sen deternos a súa análise.

No propio *Manifesto Comunista* (1848) Marx aborda as características maioritarias da revolución proletaria e o advenimento dunha sociedade sen clases. "Todos os movementos foron ata agora realizados por minorías ou en proveito de minorías. O movemento proletario é un movemento propio da inmensa maioría, en proveito da inmensa maioría. O proletariado, capa inferior da sociedade actual, non pode levantarse, non pode enderezarse, sen facer saltar toda a superestrutura formada polas capas da sociedade oficial." (1996: 59)

A superación da explotación da inmensa maioría da sociedade que propón a estratexia da loita de clases, ven acompañada da proposta de por en pe unha sociedade sen clases. É dicir, unha forma de economía solidaria.

En calquera caso e en termos xerais, o crecemento económico mundial foi, nas últimas décadas, máis elevado que nunca o foi ao longo da historia da humanidade. As innovacións tecnolóxicas, os avances do coñecemento e a formación e a cualificación das persoas, foron causa desta incontestábel realidade. Así como a distribu-

ción persoal da renda empeorou na maior parte dos países desenvolvidos, non digamos nos empobrecidos. Aquela vella teoría do reparto do pastel, segundo a cal primeiro ten que crecer o pastel e despois se poderá comezar a falar de repartilo dunha forma equilibrada, nunca se cumpriu.

Resumindo, podemos dicir que o tipo de mercado que hoxe existe é un bo instrumento para a distribución de recursos escasos nun escenario de posíbeis usos alternativos. Pero o mesmo mercado ten erros grandes e non serve para a distribución da renda, para elo nos países desenvolvidos existen os instrumentos do moderno sistema fiscal. Pero hai outros casos, que o mercado non sabe afrontar, como por exemplo cando non aparecen prezos asignados ou a propiedade privada non está definida (caso dos recursos naturais, do xenoma humano, etc...)

### TERCEIRA:

A terceira contradicción xa se enunciou antes, é a recorrente aparición de crises económicas internacionais.

Para os nosos efectos, vaise facer mención especial ás coñecidas crises da década dos noventa. E todas elas teñen moito que ver cos problemas que xorden debido á estrutura dos tipos de cambio e ás modificacións dos tipos de interese. Por suposto, no marco da máis absoluta liberdade de movementos dos fluxos monetarios e financeiros (Bernad Cassen: 2001).

Os países que sufriron as crise partían dunha situación na que os seus tipos de cambio estaban vencellados, dunha ou outra forma ao dólar e, ademais tiñan elevados tipos de interese para atraer ao capital exterior. E podían funcionar así, grazas ós seus altísimas taxas de crecemento económico e as súas magnificas expectativas de futuro. Pero ó revalorización forza o dólar nos mercados mundiais, automaticamente, se producía unha importante sobre valoración das súas moedas. O que colocaba en graves dificultades todas as súas estratexias exportadoras que, a súa vez, eran a base esencial do seu forte crecemento económico. E chega un momento en que a situación non pode manterse, deixan entrar en flotación ás súas moedas e desencadéanse, en cascada, as desvalorizacións, comezando polo *bath* tailandés.

Todo elo en medio dunha treboada especulativa contra esas moedas a fuxida masiva dos capitais internacionais deses mercados (o que se deu en chamar efecto rabaño), debido a que o medo esta substituindo, con toda rapidez, á confianza. Con frecuencia coméntase que, da noite á mañá, países que se deitaran sen especiais problemas, se erguían en medio do cataclismo. O exemplo máis sobresaente é México, 1994.

“O casino volveuse tolo. ¿Por que tolo? Porque ao meu parecer foi, e é disparado e imprudente (sinónimos de tolo segundo o dicionario) deixar aos mercados financeiros ir tan lonxe, moito máis alá do control do Estado e das autoridades internacionais. Nun home ou unha muller asociamos a insensatez ou a tolemia a un comportamento voluble, impredecíbel e irracional que é potencialmente perigoso para quen o padece ou para outros. E é exactamente así como se comportaron os merca-

dos financeiros internacionais nos últimos anos: unhas veces con irregular frenesí e outras con inxustificable abatemento. As crise que sufriron foron imprevistas e, para a maioría dos observadores, sorprendentes". (S. Sontag, 1999: 63)

O máis significativo dos actuais mercados monetarios e financeiros internacionais (É. Toussaint: 2001), é o cambio na finalidade e nos obxectivos que se perseguen cando se fan esas transaccións. Ata agora, o que ocorría nas transaccións normais (para entendernos), era que os fluxos monetarios ou de capital eran contrapartida da adquisición de mercadorías ou de activos de capital (basicamente inversión) no resto do mundo. E o diñeiro seguía xogando o seu papel tradicional como medio de pago. Iso cambiou e hoxe, son minoría os movementos monetarios e financeiros internacionais que seguen tendo esa finalidade, ligada á economía real. E a abrumadora maioría, máis do 90%, das transaccións, son puramente monetarias, non representan ningunha contrapartida de ningunha transacción real, e a súa finalidade é cambiar diñeiro por diñeiro (por exemplo, mercar ou vender divisas; mercar ou vender activos denominados nunha moeda a cambio doutros, denominados noutra moeda diferente). Podemos falar, con propiedade de transaccións de economía virtual. E como é lóxico, a súa única finalidade é especular. É dicir, xogar a mercar barato e a vender caro. Pero este tipo de transaccións ten unha característica terrible. Son transaccións de suma cero.

A diferenza das transaccións que chamamos normais, e que son aquelas nas que as dúas partes da transacción obteñen ganancias (á marxe de como estas se distribúan) e cúa suma é positiva, estas transaccións especulativas representan que todo o que gaña unha das partes é porque o perde a outra. E a súa suma é cero.

Non se pode esquecer que, para que este mecanismo de espoliación puidera funcionar, tivéronse que tomar decisións moi precisas (absoluta liberalización dos movementos de capital) e agardar que aparecesen determinados axentes colectivos (inversores institucionais) ou individuais (Soros), con tal forza nos mercados, que nin sequera o Banco de Inglaterra foi capaz de resistir a potencia dos seus embates. Ademais, a existencia de información privilexiada, o imprescindíbel apoio da informática e os erros propiciados polos propios organismos internacionais que estaban encargados de resolver ese tipo de problemas, completaban o escenario no que estaban as crises. O premio Nóbel de Economía, Joseph E Stiglitz, denunciou esta situación. E, como é sabido, fíxoo dende as mesmas tripas do sistema.

En resumo, a economía insolidaria invade a realidade. O diñeiro rachou as regras elementais da decencia e actúa sen ningún freo, exhibindo toda a súa insolencia. Sen que as institucións internacionais fagan nada por impedilo.

#### **CUARTA:**

A cuarta contradicción importante. Dende a perspectiva da equidade, o fallo máis formidable dos mercados, ao inicio do terceiro milenio, é a actual distribución mundial da riqueza. E é o que nos da pe a tratar brevemente no seguinte epígrafe sobre as desigualdades que se expanden polo mundo.

### **I.3. As desigualdades como telón de fondo.**

Nun mundo que, aparentemente, superara a confrontación ESTE-LESTE, abríuse a tremenda falla da pobreza entre o Norte e o Sur.

Porque, de acordo coas cifras do Banco Mundial, o 17% da poboación máis rica do planeta (entre a que nos atopamos), disfruta o 80% de toda a renda mundial. Mentres, no outro extremo, o 20% da poboación máis pobre da Terra e que dispón de 1 dólar per cápita e día, só ten o 1% da renda mundial. Doutra parte, hai cifras indecentes nas que se debe insistir: as 225 persoas ricas da Terra aprópanse do 47% da súa renda (A. González Viéitez: 2003).

E isto non ocorre nun mundo que estea estancado. Todo o contrario en termos estatísticos globais, nas últimas décadas se creceu máis que nunca en calquera época anterior.

Imos lembrar cinco datos para completar o sentido da realidade que se está analizando. Cada ano, a OCDE fai o seguinte (A. González Viéitez, 2003: 184-185):

1. Entrega uns 50.000 millóns de dólares en concepto de axuda oficial ao desenvolvemento (o que supón o 0,36% do seu PIB anual, cando veñen comprometidos dende 1974 a entregar o 0,7%. España está situada no 0,22 e os Estados Unidos no 0,1%).
2. Fai perder aos países empobrecidos arredor de 100.000 millóns de dólares polas barreiras comerciais que teñen levantadas contra as súas exportacións (basicamente agrarias e textís).
3. Subvenciona aos seus produtores agrarios nacionais con 311.000 millóns de dólares.
4. Doutra parte, o orzamento para defensa dos Estados Unidos para 2002 se elevou a 331.000 millóns de dólares.
5. A débeda externa total acumulada por África é de 350.000 millóns de dólares.

Se falamos de África, entre 1980 e 2000, o seu PIB *per cápita*, diminuíu o 30%, ao tempo que a axuda exterior directa para o seu desenvolvemento baixou o 40% na década dos noventa.

Segundo os datos do informe anual de 2006 do Programa de Nacións Unidas para o desenvolvemento, o 20% da poboación máis rica do planeta posúe o 75% da riqueza mundial, mentres o 20% da poboación mundial máis pobre percibe tan só o 1 % da riqueza.

Ademais, se do 20% pasamos ao 40% da poboación mundial (aproximadamente 2.500 millóns de persoas), este 40% obtén tan so o 5% do ingreso mundial, o que supón que viven con menos de 2 \$ diarios<sup>11</sup>.


---

<sup>11</sup> Datos do Informe anual del Programa de Naciones Unidas para el Desarrollo (PNUD 2006): [http://www.undp.org/spanish/publicaciones/informeannual2006/IAR06\\_SP.pdf](http://www.undp.org/spanish/publicaciones/informeannual2006/IAR06_SP.pdf)

Pero o que agrava aínda mais a perspectiva é que, pese aos “esforzos” de gobernos e o número crecente de ong’s, institucións de caridade, O,7, obxectivos do milenio, etcétera, esta situación non para de medrar. No informe do ano 2000 o 20% mais rico percibía o 67% da riqueza (hoxe o 75%) e o 20% mais pobre o 1,3% (hoxe, o 1%).

Se atendemos á distribución xeográfica da riqueza veremos que a maior parte desta riqueza está situada nos países da OCDE, selecto clube do que actualmente forman parte 30 membros de pleno dereito, dos que 24 son considerados de alto-ingreso segundo o Banco Mundial.

Podemos ver un só gráfico que nos amose esta situación:



Non asemella necesario insistir máis en cifras archisabidas. Só lembrar como dicía Manuel Castells (2000, 172) que “nesta década de cambio tecnolóxico e globalización incrementaron a pobreza, a desigualdade e a exclusión social na maior parte do mundo. Máis de dúas terceiras partes da humanidade non se benefician do novo modelo de crecemento económico, Internet chega a menos do 3% da poboación e os desequilibrios ecolóxicos agraváronse. E isto é así porque, no esencial, o incremento do comercio internacional e o desenvolvemento das novas tecnoloxías rexistrouse prioritariamente por mecanismos de mercado”.

## 1.4. O capitalismo popular.

Non sabemos ben se é un novo concepto, unha nova circunstancia, ou simplemente unha nova conquista deste sistema de dominación; trátase do que se da en cahamar o capitalismo popular.

Explicase sintéticamente da seguinte maneira: calquera multinacional é controlada por uns cantos financeiros e xestores.

O seu accionariado está integrado por miles de pequenos aforradores (Fondos de Pensionistas e inversores modestos).

Se fechan unha fábrica, poñen na rúa a miles de traballadores (e ás súas familias), pero ao mesmo tempo velan polos intereses desas outras familias que colocaron aí a súa pensión, o esforzo da súas vidas, e que só piden unha cousa: que revaloricen as súas accións e repartan dividendos cada ano. A casta dos explotadores estendeuse.

A esto o chaman capitalismo popular. ¿Quen se atreve a cambiar esto? É certo que esta explicación é pequena, e incluso insuficiente, mais o que queremos prestar atención é como en moitos casos, a mesma clase traballadora, a mesma cidadanía está instrumentalizada polo sistema para facela cómplice del e para usala como a mellor xustificación para manterse.

Aquelo de os mesmos cans pero con diferente collar, convírtese en sermos nós mesmos cans depredadores. A lóxica da competitividade imperando sobre calquera outra, o individualismo fronte ao irmanamento colectivo, a desconfianza sobre a amizade; etc...

## **1.5. O sistema financeiro e os seus investimentos.**

O sistema financeiro envólvenos a todos, como non envolve o aire. Non solamente os posuidores de capitais importantes. Tamén os pensionistas, os estudantes que gozan unha beca, os emigrantes que envían remesas familiares, os traballadores que perciben unha nómina, manexan unha conta bancaria. Cada conta individual é pequena, todas xuntas representan un volume de diñeiro moi importante. A esa masa de diñeiro das familias, sumase a que manexan as empresas nas súas transaccións. Tanto as pequenas e medianas empresas, como as grandes multinacionais. Súmaa total de diñeiro resultante a nivel mundial é inxente. Esta enorme masa de diñeiro móvese diariamente dunha esquina do mundo á outra, administrada por entidades especializadas: a banca internacional, as bolsas de valores, os fondos de investimento, os mercados de activos derivados. O volume de transaccións internacionais exclusivamente de diñeiro contra diñeiro é aproximadamente 52 veces o das transaccións de diñeiro contra bens e servizos. A magnitude do sistema financeiro, intercambio de diñeiro entre uns axentes e outros, é inmensamente maior que o intercambio entre vendedores e compradores de petróleo, electricidade, alimentos, tecidos, viaxes e calquera outro ben ou servizo obxecto de compra e venda no mercado.

O sistema financeiro naceu como apoio ó sistema económico. Os fabricantes e os comerciantes de bens e servizos precisaron un vieiro polo que facer circula-las súas transaccións. No seu orixe o sistema financeiro foi un complemento asociado ó sistema económico de produción. Co tempo o sistema financeiro hase emancipado do sistema económico de produción. Ten vida propia, e funciona con autonomía.

Dada a magnitude deste feito sobrevido dá lugar a que dende a reflexión intelectual preguntémonos que vantaxes aporta o sistema financeiro ó benestar e progreso da huma-

nidade. ¿Ha de ser considerado como un fenómeno perverso, xerador de inxustizas, desigualdades, opresión? Non faltan razóns para pensar así. O espectáculo escandalizador da pobreza en África, Latinoamérica, Asia, en zonas marxinais de Europa, lévanos con razón a pensar que se o sistema financeiro non é o culpable desta situación, ao menos non fai nada por cambiala. O sistema financeiro, o espazo dos ricos, ignora olímpicamente aos pobres. Non os precisa.

Se o mundo industrial xa non é o que era en tempo dos nosos bisavós. O que aconteceu no sistema económico da produción de bens e servizos, debería acontecer igualmente no sistema financeiro. Introducir nel elementos de xustiza e equidade. Nunha palabra: humanizar o seu rostro. O sistema financeiro réxese por dous grandes principios: maximizar a rendibilidade da investimento, e minimizar o risco. Estima que calquera outra consideración está fóra da súa competencia. A ética e a xustiza é competencia das autoridades públicas ou das relixións, pero non do sistema financeiro. Este é xustamente o pensamento que é preciso desmontar. A ética e a xustiza han de ter un espazo no sistema financeiro. Mentres se siga conducindo con atención exclusiva á rendibilidade e ao risco, poderá ser eficaz, pero será tamén perverso.

As investimentos dos bancos para maximizar os seus beneficios teñen as súas consecuencias directas na sociedade, empresas contaminantes, produtoras de armas, empresas que escravizan a nenas e nenos, etc... Poñámos o exemplo da relación banca-guerras. Supoñamos que unha empresa que fabrica armamento asina un préstamo cun banco, digamos por exemplo que o ten que devolver en 10 anos. Esta empresa asina un conveño de 9 anos cun país do Terceiro Mundo, poñámo-lo caso de Serra Leoa. Así pois vendelle armamento ao goberno de Serra Leoa, pero o exército só non chega para gastar. Para gastar hai que utilizar; así outra empresa, asina un dobre contrato tamén, por un lado co mesmo banco, a dez anos, e polo outro, cos países limítrofes a Serra Leoa, que serán os que fornezan de armamento á guerrilla que se enfrenta ao goberno oficial. A guerra está asegurada, dez anos de beneficios económicos sen pausa.

Este cadro nos mostra a implicación da banca na cuestión das guerras.

### Conexións entre industria militar e corporacións financeiras

EMPRESAS MILITARES	Corporacións financeiras e empresas participadas pola banca	PRODUCCIÓN
Aernnova (antiga GAMESA Aeronáutica) <sup>1</sup>	Caja Castilla La Mancha 80%	Estruturas metálicas: fuse-laxes, ás de avión A400M
Amper, S.A. <sup>2</sup>	Arlington Capital 5,8%, Bancaja 2,18%, JP Morgan 2,08%, Clearsteam Bank 1,26%, Caja Castilla La Mancha 1,81%, Cia. Andaluza Rentas 5,16%, B. Popular 1,5%, B. Sabadell 1,04%	Electrónica de defensa, participa en grandes proxectos militares. 20% 30% produción militar



CESCE <sup>3</sup>	BBVA 14,3%, BSCH 13,95%, Banesto 6,4%, B. Sabadell 3,4%, BPE 1,8%, B. Pastor 1%, Deutsche Bank 1%, Barclays Bank 1%	Empresa de servicios e seguros, implicadas na exportación de armas ao exterior
Construcciones Auxiliar Ferrocarriles (CAF)	Bilbao Bizkaia Kutxa <sup>4</sup> 10,8%, Caja A. Guipuzcoa y San Sebastián <sup>4</sup> 11%, Caja Ah. Vitoria y Álava <sup>4</sup> 3%, Bestinver 9,96% <sup>5</sup> , BNP Paribas <sup>5</sup> 47%	Modernización de blindados e carros de combate
Explosivos Alaveses, S.A. - Expal (Maxam Corp. Antes Unión Española de Explosivos, S.A.) <sup>6</sup>	Ibersuizas <sup>13</sup> 57,5% (participado por Unión de Bancos Suizos: 19,5% y Banco Pastor: 15%) Vista Capital <sup>7</sup> 42,5% (BSCH 50%, Royal Banc of Scotland 50%)	Toda clase de explosivos, municions de acio ou fragmentación, carcasas, detonadores, espoletas, etc
HISPASAT, S.A. <sup>8</sup>	BBVA 10,75%	Información militar vía satélite
HISDESAT <sup>8</sup>	BBVA (1,56%) a través de Indra (7%), BBVA (10,75%) a través de Hispasat (43%)	Industria de comunicación por satélite con aplicacións militares (Ariane)
INMIZE (MBDA) <sup>8</sup>	BBVA (1,56%) a través de Indra (40%)	Principal fabricante de toda clase de misiles para avión, helicópteros e buques de guerra en España e Europa
Ibérica del Espacio S.A. <sup>9</sup>	Iberdrola <sup>10</sup> 5,65%	Enxeñería aeroespacial militar
Internacional de Composites (ICSA) <sup>8</sup>	Caja Castilla La Mancha 20%	Aeronáutica de defensa. 8% producción militar
INDRA, S.A.	Caja Madrid <sup>5</sup> 14,98%, Barclays Bank <sup>5</sup> 5,15%, Caja Ah. Asturias <sup>5</sup> 5%, Fidelity International <sup>5</sup> 2,8%, Chase Nominees <sup>11</sup> 10,08%, State Street Bank <sup>11</sup> 6,5%, Chase Manhattan <sup>11</sup> 5%, BBVA <sup>2</sup> 1,56%, JP Morgan <sup>2</sup> 5%, Caja Cantabria <sup>2</sup> 1,2%, BSCH <sup>2</sup> 0,92%, Citigroup <sup>2</sup> 1,96%, Deutsche Bank <sup>2</sup> 1,6%, AXA <sup>2</sup> 1,27%, Commerzbank <sup>2</sup> 1,53%	Simuladores de voo, sistemas de tiro, defensa electrónica, Eurofigther, fragatas F-100, helicópteros Tigre, blindados, misiles. 40% 60% producción militar

RYMSA (Radiación y Microondas, S.A.) <sup>6</sup>	IBV <sup>10</sup> 65,69%	Comunicacións espazo e defensa
Sociedad Andaluza de Componentes Espaciales, S.A. (SACESA) <sup>3</sup>	Caja Sol (Cajas San Fernando, Huelva, Jerez y Sevilla) 20,6% e Unicaja (Cajas Ronda, Cádiz, Almería, Málaga y Antequera) 10,2%	Componentes aeronáuticos, ensamblaxes e paneis
Tecnobit - Comités Comunicaciones, S.A. <sup>12</sup>	Caja Castilla La Mancha 48%	Tecnoloxías e adestramento militares. 85% produción militar

**Elaboración: Centro Delàs, agosto 2007**

<sup>1</sup> *Cinco Días* (24-04-06).

<sup>2</sup> Registro Mercantil SABI 06/07.

<sup>3</sup> Registro Mercantil SABI 09/05.

<sup>4</sup> Balance empresa 2006.

<sup>5</sup> [www.cnmv.es](http://www.cnmv.es) 7/07.

<sup>6</sup> *Cinco Días* (02-03-06).

<sup>7</sup> BSCH (Banco Santander Central Hispano) controla o 50% e Royal Bank Scotland, o outro 50% de Vista Capital.

<sup>8</sup> Registro Mercantil SABI 6/06.

<sup>9</sup> Registro Mercantil 08/06 e-informa.

<sup>10</sup> Iberdrola Bilbao Vizcaya (IBV) está formada por BBVA e Iberdrola e 50%. Un 6,01% de Iberdrola é do propio BBVA.

<sup>11</sup> Registro Mercantil 03/07 e-informa.

<sup>12</sup> *Cinco Días* (14-04-07).

<sup>13</sup> *El País* (02-07-02)

Nota: Todas as información da Táboa proveñen, na maioría dos casos, dos balances oficiais dos rexistros mercantís. Cando se trata de grandes empresas que cotizan en bolsa encontrámonos con que hai continuas transaccións na propiedade de acción, que desfazan rapidamente a información e poden alterar a participación sinalada. Este é o caso de Indra, ou de outras empresas, que están sometidas a continuos movementos especulativos, debido á importancia que teñen en sectores estratéxicos relacionados coas novas tecnoloxías, empresas que operan en electrónica ou no sector aeroespacial (Amper, Indra...).

## **2. Abrindo unha xanela de aire fresco. Alternativas.**

### **2.1. O novo suxeito histórico.**

Hoxe o impulsor do avance da sociedade, no sentido máis solidario da palabra, non o encarna un proletariado, unha clase obreira manual, senón un colectivo heteroxéneo, plural e diverso, (nalgún caso incluso contradictorio) que converge na pretensión dun ideal de sociedade alternativo. Moitas veces non moi claramente definido, pero si converxente na oposición ao sistema de dominación e inxustiza que se espalla polo mundo.

Este novo colectivo, é o novo suxeito histórico, cada vez máis espallado en diversas esferas das clases sociais, con niveis de coñecementos elevados, capaces de comprender a complexidade das novas relacións de poder, capaces de analizar criticamente a configuración dunha racionalización social, política, económica e cultural ao servizo de intereses privados.

O novo suxeito histórico, por tanto, asume como é evidente, unha acción acorde coa súa natureza plural. Non só hai unha única teoría analítica válida, non hai unha única acción social válida, etc..., senón que representa unha pluralidade de métodos, unha heterodoxia de pensamento e unha heteroxenia de accións tan ampla e vasta como os elementos aos que tenta dar resposta.

Así as, novas relacións entre movementos sociais e organizacións políticas xa non son relacións de submisión, ou de apadriñamento, senón que son relación en plano de igualdade destinadas a facerse con diferentes esferas do poder, un poder que hoxe non se concentra nun único espazo social.

Clarificar este novo suxeito histórico é preciso para comprender as respostas xerais que se están a dar no emisferio occidental, así como para comprender a importancia das novas relacións interclasistas que se están a dar.

### **2.2. Os movementos sociais e alterglobais**

Máis alá das protestas momentáneas de denuncia, que evidencian como os movementos sociais se postulan como elementos de control e vixilancia dos centros de toma de decisións, tamén tratan de crear novas maneiras de construción social.

O que coñecemos como altermundismo ou antiglobalización (non afondaremos no sufixo xa que entrariamos de novo na conceptualización da propia globalización) fai referencia á educación para todos/as, ao respecto ás culturas do mundo, á sanidade universal, á sustentabilidade e un longuísimos etcétera..., tanto é así, que un elemento vertebrador do mesmo é a súa heteroxeneidade e pluralidade, como fiel reflexo do que espuxemos anteriormente ao referirnos ao suxeito histórico.

A raíz deste movemento pode ser moi longa, o referente anterior poden ser as reivindicacións sociais da década dos 60 (ecoloxismo, feminismo, pacifismo) co seu carácter anticapitalista. Se nos alonxamos no tempo poderemos remitirnos á tradición obreira, aos sindicatos, etc...

Coa explosión do neoliberalismo comezan a xurdir movementos máis globais, cuos obxectivos atacan directamente á base do sistema, o sistema económico. As primeiras consecuencias deste novo pensamento son as grandes mobilizacións-protesta contra das políticas desenvolvidas polas institucións económicas e monetarias, como as francesas contra o Acordo Multilateral de Inversións (AMI), discutido en secreto pola OCDE para instaurar unha especie de Constitución Mundial do capital, que lles daría ás transnacionais os mesmos dereitos que ás empresas locais. Franza desbotaba o AMI en 1998 por mor da presión popular.

Mais o esplendor prodúcese en novembro de 1999 en Seattle, onde 50.000 manifestantes chegados de todo o planeta conseguen facer fracasar a Rolda do Milenio da OMC cunha mobilización sen precedentes, artellada dende internet. A partir de aquí un xigantesco grupo de persoas, dende sindicalistas a intelectuais, dende labregos a camioneiros, fan converxer as súas protestas presionando en todas e cada unha das xuntanzas dos poderosos: asembleas da ONU, ministeriais da OMC, ou citas do FMI, G-8 e Comisión Europea. Sucédense grandes mobilizacións (Bangkok, Washington, Praga, Florencia...) e o movemento tórnase nun obstáculo real para os autoproclamados valedores da orde mundial, que tenden a protexerse con exércitos de policía, establecendo as xa famosas "zonas vermellas" no medio das cidades, poñendo atrancos nas fronteiras ou buscando lugares de reunión inaccesíbeis aos cidadáns conscientes.

O movemento avanza e en xaneiro de 2001 prodúcese un dos feitos fundamentais: nace o Foro Social Mundial (FSM). Mentres os poderosos se reunían no Foro Económico de Davos, no lado pobre do planeta, nunha cidade simbólica polas súas experiencias en democracia participativa (Porto Alegre), un milleiro de organizacións de todo o mundo decidían dar un paso máis, encamiñado á presentación de propostas alternativas á globalización neoliberal. O movemento adquiría entón os seus dous primeiros mecanismos de resistencia, a protesta masiva e o estudo e propostas de alternativas.

Os atentados do 11 de setembro de 2001 frean ao movemento antiglobalización, fundamentalmente polo control das fronteiras e a psicose do terrorismo xerada polo goberno Bush. Mais este movemento segue a traballar na elaboración de propostas alternativas nos Foros Sociais e reafirmase organizando o 15 de febreiro de 2003 a meirande manifestación mundial da historia, 60 millóns de persoas saen ás rúas ese día contra a invasión de Iraq.

O grao de concienciación dos cidadáns e cidadás aumenta e como afirma Susan George (2005) en Sitges: "actualmente non só nos enfrontamos á explotación que, evidentemente, segue presente, senon ao que podería denominarse a "comodificación", é dicir, ao apoderamento de todos os aspectos da vida humana por parte do mercado, os cartos e a consecución de beneficios".

E é neste parámetro, no que se diagnostica que estamos a falar de todos os aspectos da vida humana, o que configura unha necesidade continua de dar alternativas ao proceso de globalización, alternativas que teñen que atender a todos eses aspectos, dende a actuación suxeita ao exercicio da liberdade persoal do tempo libre até a os nosos hábitos cotiás de consumo, pasando por un sen fin de cuestións agora interrelacionadas (do local ao mundial) que elevan a capacidade de coñecemento, conciencia e responsabilidade dos e das cidadás, e que establecen novos espazos de exercicio da liberdade e da participación civil (política).

### **2.3. A economía alternativa.**

Cando falamos de economía temos que ter presente que estamos a falar de moito máis que da cuestión monetaria (valor de cambio), por ser este un artigo curto non imos afondar no vasto horizonte que cubriría o factotum “economía”, solio dar dúas pinceladas, unha lembrar a premisa marxista de que é o capital o motor da historia, e unha segunda para vislumbrar a profunda e heterodoxa análise que merece esta cuestión, hoxe o capital produce capital sen pasar polo traballo (tan solio entre o 2% e o 10% do capital que se move no mundo a diario está relacionado coa economía real -comercio de bens e servizos-, o resto é especulación financeira). As consecuencias deste fenómeno son tan inmensas que o deixaremos para futuros análises, pero cómpre telo presente.

Nun mundo onde o capital prima por riba das persoas, por riba das sociedades e por riba da política, que existan lexións famélicas no mundo, que a maioría dos povos do planeta estean coartados de liberdade, que as persoas non poidan loitar polas súas aspiracións vitais, en definitiva, que o ser humano (entendido no seu senso máis extenso, alén do individualismo inmediato) non teña capacidade de dirixir a súa pròpria vida, emerxe como o reflexo natural do planeta. A diverxencia entre un reducido núcleo dominante e unha inmensa periferia dominada experimenta un proceso de crecemento e fortalecemento inhumano, onde a relación vítima e verdugo poucas veces foi tan explícita ao longo da historia.

Cando se tenta loitar por invertir esta tendencia, as respostas poden ser moitas e variadas. A cuestión primordial é que os movementos sociais que pretendan isto o fagan coa vontade real de invertir os valores e a realidade á que se enfrontan. Por iso a seriedade e a entrega que implica esta loita esixe unha revaloración do concepto de militancia. É certo que hoxendía o suxeito histórico impulsor do cambio xa non é tan nítido como en épocas anteriores era o proletariado, mais non por isto, as esixencias que debe encarnar han ser de menor talla moral (coherencia e testemuño) e social (transformación da realidade, revolución).

### **2.4. ¿Que é a Banca ética?**

Polos anos setenta, diversos colectivos empezaron a cuestionarse o enfoque da economía e das finanzas. Tratábase de grupos que promovían determinados valores éticos como a xustiza, a solidariedade, a ecoloxía... mediante campañas ou demendas sociais, e que descubriron que cos seus aforros depositados en bancos ou fondos

de inversións estaban financiando, involuntariamente, nalgunhas ocasións a causa contra a que pretendían loitar. Así, viron por exemplo como se financiaban cos seus cartos guerras, dictadores, empresas que explotaban ás persoas...

Ante isto, empezaron a xurdir as primeiras iniciativas que se poden considerar a orixe da banca ética. Tratábase de bancos que que tentaban conseguir simultaneamente dous obxectivos compatibles e necesariamente complementarios: por un lado, o financiamento de actividades económicas que tiveran un impacto social positivo, e por outro que se poideran xerar beneficios.

Para conseguir o primeiro obxectivo existen bancos éticos que financian actividades concretas (empresas e proxectos sociais, ecolóxicos, culturais, humanitarios...) e outros que financian ás persoas máis pobres e socialmente excluídas, grupos que dificilmente poderán conseguir financiamento para os seus proxectos na banca tradicional. No que toca ao segundo obxectivo, a banca ética ten que financiar proxectos economicamente viables para poder sobrevivir como banco.

Así, un banco ético non ten por que ser menos rendible que un banco tradicional á hora de ofrecer un rendemento aos aforradores, se ben de cara a compaxinar perfectamente os dous obxectivos algunhas entidades ofrecen uns rendementos menores que a banca tradicional, ou mesmo ofrecen varias opcións ao inversor, para que este decida se parte dese rendemento se adique a apoiar as iniciativas que o banco financia.

Unha característica importante na que coinciden os diferentes bancos éticos é a transparencia. O inversor está sempre informado das iniciativas que reciben os créditos da entidade, das condicións e criterios aplicados... de forma que teña a información suficiente para decidir se está de acordo co uso que se fai dos seus cartos.

A banca ética é unha realidade que demostrou que as finanzas so perfectamente compatibles coa ética e o beneficio social. A existencia destes bancos éticos non debe, nembargantes, facernos esquecer o noso dereito, como usuarios da banca tradicional, de esixir que se apliquen unha serie de criterios éticos nas políticas de inversións. Esta esixencia debería ser maior no caso das caixas de aforro, entidades que naceron con unha clara vocación de promover un beneficio social e que deberán recuperar.

Por outro lado, é importante non confundir aos bancos éticos coas estratexias comerciais que utiliza en moitas ocasións a banca tradicional para aproveitar a sensibilidade de moitas persoas creando tarxetas, libretas e fondos solidarios, produtos nos que se destina parte das comisións a financiar algunha ONG, pero que non cuestiona o uso que se fai dos cartos que se moven nestes produtos ou en que tipo de empresas invirte ese fondo. Mesmo se poden transmitir mensaxes paradóxicos como "canto máis consuma vostede coa súa tarxeta de crédito máis solidario será".

## 2.4.1. Criterios de Banca Ética

À hora de decidir o uso que fan dos cartos os diferentes bancos éticos aparecen dous tipos de criterios: negativos ou positivos.

As entidades que se rexen por criterios negativos son aquelas que deciden non invertir en actividades ou empresas que vulneren estes criterios definidos pola entidade. Algunhas actividades que habitualmente se exclúen son a produción de armamento, as que levan consigo a explotación laboral e o traballo infantil, a destrución do medio ambiente, a produción de tabaco e alcol, as empresas de xogo, o comercio de drogas... Desta maneira, as empresas que reciben os créditos destes bancos son as que non levan a cabo ningunha das actividades recollidas nos criterios anteriores.

Os bancos éticos que se rexen por criterios positivos son aqueles que adican as súas inversións única e exclusivamente a financiar iniciativas con un alto rendemento social, é dicir, que cumpran unha serie de criterios marcados polo banco, que poden ser: proxectos presentados por colectivos marxidados, empresas adicadas á mellora do medio ambiente, cooperativas de produción de artigos de comercio xusto, iniciativas que melloren o entorno social... Desta maneira, só as iniciativas que coincidan con estas características reciben o correspondente financiamento.

Banca tradicional	Banca Ética
Beneficio (maximizar o beneficio)	Obxectivos de tipo cooperativo e social
Xestión de aforro e investimentos	O destino da investimento realizase segundo a elección do cliente
Necesidade de aval	Tipos de aval posibles: Garantía persoal/colectiva Fondos fiduciarios Apoio recíproco coa participación de autoridades locais e redes que apoian proxectos
Cretos concedidos a persoas economicamente estables	Cretos concedidos a persoas economicamente febles que propón proxectos sostibles de interese colectivo
Vantaxe competitiva: capital financeiro	Vantaxe competitiva: capital humano (coñecemento e redes locais)
Capital de risco para atraer clientes	Capital de risco baixo ou inexistente: os clientes poden reducir eles mesmos os impostos xa que as investimentos son, ante todo, sociais.
Investimentos especulativas	Investimentos en bonos do Estado e fondos éticos pertencentes a Ética SGR (empresa de xestión de aforros que forma parte do grupo Banca Ética)
Altos marxes por beneficios resultantes de servizos	Beneficios resultantes de servizos pouco rendibles fronte a intereses pouco rendibles
Os impostos axústanse ó contexto competitivo (impostos máis altos no Sur que no Norte) e dependen da solidez do contrato co cliente	Impostos ó mesmo nivel en toda Italia e non dependen dunha negociación individual (concesións só para membros)
Falta de transparencia nas investimentos	Transparencia das investimentos
Produtos financeiros caracterizados por índices de risco e rendemento	Produtos financeiros caracterizados por índices de risco, rendemento, e socio ambientais.
Escasa implicación no proxecto do cliente	Alto grao de implicación no proxecto do cliente: relación de confianza mutua

## 2.5. Diferentes xustificacións da acción da “banca ética”

### 2.5.1. Liberal

#### A xustificación liberal do aforro solidario e as microfinanzas.

Esperanza Valín

Dicía Pedro Schwartz nun artigo hai un par de anos: *“Para min, o detalle máis revelador do encontro foi a opinión do profesor Yunus sobre as axudas públicas, os subsidios de paro e pobreza. A superación da pobreza, dixo, esixe devolve-la dignidade ós necesitados, amosando confianza no seu honradez e laboriosidade, ofrecéndolles un mínimo capital para investir nos seus fillos, o seu fogar ou a súa empresa, dándolle-los medios para producir algo que a sociedade estea disposta a comprar. O subsidio, engadiu, engancha e corrompe. Nos corredores oíuse dicir a un home de empresa: “¡Yunus é un verdadeiro liberal!”*”

E o dicía, penso, sobre todo en dous sentidos, un no relativo á ética liberal sobre a non agresión, e outro sobre o concepto de liberdade máxima expresado na acción dos microcréditos e o valor que se lle da as persoas desvencellándoas do sistema de “recursos” do chamado Estado de Benestar, que vencella ao suxeito a unha relación de dependencia perpetua.

O axioma da Non Agresión é a base da ética liberal. Non agresión, non significa que non poidamos defendernos de agresións ou invasións externas. Non agresión significa, non agredir a outra persoa ou á súa propiedade privada senón houbo un ataque previo. O ilustre filósofo John Locke expresouno así:

*“Porque cando alguén, facendo uso da forza, ponme baixo o seu poder sen ter dereito algún para facelo, sexa cal fose a súa pretensión, non teño razón para supor que quen me arrebatou a miña liberdade, cando me teña no seu poder, non me quitará todo o demais”<sup>12</sup>.*

O acto que non vulnere o axioma da non agresión, non pode considerarse contra a ética -aínda que si podería ser considerado inmoral. Aqueles que desafían as leis e enfróntanse ao estado e grupos de presión para servir á sociedade e gañar un beneficio non son miserábeis, nin delincuentes, nin antisociais; senón heroes da liberdade que actúan baixo o seu propio risco beneficiando a toda a comunidade

E neste contexto é onde colle unha relevancia especial o tema do aforro solidario, a necesidade de ter gañado un beneficio para poder libremente poñelo a disposición da sociedade nun acto de liberdade e de ganancia; e en segunda volta reflexi-

---

<sup>12</sup> John Locke. *“Segundo ensayo sobre el gobierno civil”*. Ed. Losada. Buenos Aires 2002. Capítulo III.



va, elevando o nivel de vida de toda a sociedade son incontábeis os beneficios que repercuten nesta mesma persoa. Máis seguridade, máis cultura..., en definitiva, mellor calidade de vida.

A creación de riqueza para poder expandila é un continuo referente na lóxica liberal, que fai referencia a raíces antropolóxicas das nosas sociedades e do avance das mesmas. Mellorar as ferramentas para aumentar a riqueza na práctica individual do traballo conleva de seu, unha mellora para todo o entrono deste individuo e por simbiose, de toda a sociedade. Así, co aumento dos aforros privados, maiores serán os recursos para poder exercer un poder social máis responsable e harmónico.

As accións do estado, aínda loitando por valores tan elevados como a igualdade, a lei, contra a pobreza, etc. sempre levan ás súas consecuencias inversas. O salario mínimo crea máis desemprego, os subsidios crean dependencia e parasitismo incentivando a ociosidade, delincuencia, etc..., a fixación de prezos crea máis escaseza...

Dende o meu punto de vista e penso que dende o punto de vista da maioría dos liberais, é moi pernicioso mesturar a moral co mercado. A moral é un concepto subxetivo, a "ética política" do dereito natural ou orde natural en cambio, é a que nos dá o arsenal para colocar a cada definición no seu lugar entendendo o mercado como un proceso natural e libre que se retroalimenta sempre dunha forma sostible.

Moralmente podemos estar en contra dalgúns oficios ou actos, pero iso non significa que sexan daniños ou que prexudiquen aos demais. O libre mercado se basea na interacción pacífica dos participantes. Unha sociedade libre tamén nos permite defendernos daquelas accións non pacíficas -que en realidade son minoritarias aínda que o estado magnífíqueas para o seu propio beneficio-. A función do estado, durante máis dun século e analizada polos seus feitos e non intencións, é facer perdurar a violencia dos grupos de presión, os privilexios duns a expensas dos outros, a creación de monopolios, o camiño á pobreza e a guerra total a escala internacional.

Por iso, non agardar a eliminación da pobreza por parte dos estados é algo que debemos asumir como individuos. Establecer mecanismos que artellen o uso dos nosos beneficios para eliminar este problema social, cuxa solución implica maiores cotas de benestar para nós mesmos é un reto gallardo, lúcido e entusiasta.

Por eso a acción das bancas alternativas teñen un valor singular cando os asociados e asociadas fanse conscientes do uso do seu beneficio e toman conciencia do poder que se ten; así mesmo, o uso dese capital investido en proxectos de autoemprego, que se inclúen na lóxica dun mercado que se retroalimenta para recibir a novos individuos que contribúan á creación de riqueza e a súa lóxica expansión, fan desta experiencia un singular espacio de liberdade.

## 2.5.2. Relixiosa

### O aforro solidario dende tres experiencias relixiosas

Miguel Fernández Blanco, militante cristián de O PETO.

As tres grandes relixións monoteístas confluen nunha visión relixiosa na que a relación con Deus precisa dunha comunidade de referencia. Neste contexto comunitario atopamos nas tres relixións a preocupación polo irmán-irmá de fe, e ás veces tamén polo simple empobrecido ou empobrecida, aínda que non pertenza á comunidade.

- 1.- Unha das razóns que explican á vitalidade do Islam procede dunha fonda adhesión dos membros á súa comunidade (**umma**). Unha comunidade ideal, laica e teocrática, na que o seu fundamento proven só de Deus e que mestura relixión e estado. Dende pequenos e pequenas, os musulmáns toman conciencia islámica de comunidade e fraternidade. **Esa presenza instintiva do comunitario fai que no seu interior exista unha real axuda mutua** coa que se pode contar, e tamén que todo musulmán sinta como algo innato o apostolado, polo convencemento pleno da excelencia da umma como único lugar de salvación. Culto ou inculto, rico ou pobre, árabe, bereber, turco ou negro, mesmo practicante ou non, todo musulmán e toda musulmá, está marcado e marcada no máis fondo do seu ser polo sentido da umma. Ese sentido obriga a coidar e axudar aos irmáns e irmás. A umma limita o seu radio de acción aos relixiosamente musulmáns, excluindo, aínda que respectando aos que profesen outras fes relixiosas monoteístas.
- 2.- O xudaísmo acostumado a vivir nunha situación de diáspora permanente foi quen de promover un sentido comunitario fondo, probablemente máis que o mesmo cristianismo. No presente século XX mesmo elaborou e tentou poñer en práctica unha utopía comunitarista entornando aos kibbutz. Trátase de comunas agrícolas baseadas na fertilización dun solo moi pobre, na igualdade e na propiedade colectiva. Modelo socialista de organización socio-económica promovido entre outros polo personalista Martin Buber, os **kibbutz** serviron tamén a unha finalidade política de colonización de territorios para o Estado de Israel. Pero isto, non debe facer esquecer, o modelo de comunitarismo fondamente igualitario, deixando ao tempo o necesario espazo de liberdade persoal, que supoñen os kibbutz, alomenos nunha primeira etapa., moi fondamente vencellados a unha visión harmoniosamente relixiosa da realidade. Así Buber indica de forma clara que a comunidade de fe só é verdadeiramente tal cando é comunidade de traballo. Unha versión moderna do *ora et labora* nun contexto de hostilidade. Atopamos tamén aquí unha comunidade reservada para os e as crentes nesta relixión.
- 3.- Sintetizando e actualizando de forma moi resumida os elementos principais do cristianismo en relación coa solidariedade económica entre os irmáns e cara aos empobrecidos, tomamos como referencia o Programa de Xesús de Nazaré presentado nas Benaventuranzas. Un elemento importante a subliñar é que os valores que sustenta esta declaración de principios dos e das cristiáns e cristiás teñen unha dimensión universal, por primeira vez na historia da humanidade.

Pero ese Programa só era insuficiente, a experiencia cristiá, precisa tamén de comunidades, de vida en comunidade, de igrexa no mellor sentido da palabra. Na bela expresión de Marcelino Legido, da "Fraternidade no Mundo". Así concretando e seguindo a historia das primeiras comunidades cristiás atopamos pronto elementos fondamente anovadores:

- Estaban abertas a persoas de diferentes procedencias e de diferentes grupos sociais. Formadas nuclearmente por persoas que chamaríamos hoxe de "clase media", xurde enseguida a preocupación polo pobres, polos empobrecidos e empobrecidas, incorporados ás comunidades en calidade de iguais. Aplicando o Programa de Xesús, Paulo daba moito importancia nas comunidades aos apóstolos como dirixentes da comunidade e aos pobres. Xurde aquí o concepto de pobreza, como opción dos e das seguidores e seguidoras de Xesús de Nazaré. Xurde tamén a pobreza como consecuencia da opción pola opresión e persecución derivada da práctica relixiosa cristiá nun ambiente hóstil.
- Esa fraternidade de todos en torno ao resucitado, vive en torno a unha mesa común. Na mesma mesa na que se comparte o pan e o evanxeo, tenta compartirse todo o que se ten e todo o que se é. O proxecto das comunidades era compartir os seus bens, así na narración dos Feitos dos Apóstolos atopamos expresións como as seguintes: "Todo o tiñan en común"; "Ninguen chamaba seus aos seus bens, senón que todo o tiñan en común". Unha cuestión significativa é o feito de que non existía aquí unha norma de estricto cumprimento dentro da comunidade, senón que cada membro da mesma tiña cada día que decidirse libremente ao coñecer as necesidades dos irmáns e diante do pan compartido na Eucaristía.
- Cunha certa e inevitable idealización seguramente, a narración dos Feitos prosegue: "Non había entre eles ningún necesitado, porque todos os que posuían terras ou casas vendíanas e traían o importe da venda para poñela aos pes dos apóstolos." Os apóstolos como servidores da comunión, axudan aos irmáns a que os bens, aportados segundo as posibilidades de cada un, repártanse segundo as necesidades de todos e sobre todo dos pobres.
- Finalmente, salienta a principal novidade, os destinatarios serán non só os irmáns máis pequenos de dentro, senón tamén os pobres de fora, que veñen acollerse, abrumados polas súas necesidades e dores, á Fraternidade dos seguidores de Xesús. Dando un paso máis compartir bens era unha fase, diríamos hoxe, dun proxecto destinado a compartir a propia vida: "vivían unidos".

Aínda que Paulo nas súas cartas alude con certa frecuencia as dificultades prácticas que os irmáns e irmás tiñan para facer efectiva a norma autoimposta de "compartir os bens", atopamos neste primeiro cristianismo unha opción forte por crear un espazo de solidariedade e fraternidade, que incluía tamén compartir os bens e as riquezas.

### 2.5.3. Comunista

#### A teoría do valor e a Sociedade Civil

Melchor Roel López.

Secretario da Xuventude do S.N de CC.OO de Galicia.

Espero que o título non vos engane. Non se tratará aquí de realizar unha reflexión verbo daquelas que xurdiron no seu momento dos análises de David Ricardo ou de tantos outros autores. Tampouco de, a través de sisudas observacións, “cortar un cabelo en catro” desmigando analiticamente os detalles máis diminutos dos conceptos que encabezan esta disertación. O que se intentará será caracterizar, sen beatificacións de tipo algún, aquelas iniciativas encamiñadas a construír unha sociedade civil alternativa dentro da xa existente e ,dentro destas, as desenvoltas polas Bancas Sociais ou Bancas Éticas.

Xa que imos tratar conceptos como aforro e inversión que provocan eccemas nas epidermes máis secas e rugosas- as menos vitais, en definitiva - compre, a costa da linearidade e en favor do entendemento, realizar un alto. Si, debemos realizar aquí un alto e dar un saltiño- pouco ortodoxo pero necesario, o espazo obriga - que nos permita apreciar algúns rasgos da Teoría do Valor clásica, aquela que se perfilou con A.Smith e se plasmou con David Ricardo. Está claro que é unha teoría “superada” e que era unha teoría limitada xa cando se formulou pero que atendendo a unha das partes importantes para a elaboración da devandita teoría do valor de David Ricardo, como é a súa posición fronte o excedente e as rendas, aforraremos explicacións e debates estériles sobre o tema. Así, presentando as primeiras teorías realizadas polos clásicos, baseadas no ideal da existencia dunha “economía pura”, deixamos que a lectora ou lector aplique a crítica que considere oportuna. Tomémolo pois como se fose unha vacina contra o infantilismo esquerdo que plantexa o aforro como un eufemismo da plusvalía. Ou polo menos como a intención honesta do que escribe de non dirixir o pensamento de ninguén ata ningún lugar en concreto.

Para David Ricardo o excedente resulta da diferenza residual entre a cantidade de traballo requirida para producir as subsistencias para a forza do traballo - salarios - e a cantidade total producida por esa forza -produto-. Aquí mesmo remata a polémica neste texto e continúa nas vosas análises.

Voltemos ó tema.

Foi nos anos setenta e oitenta cando en Europa se reproduce un movemento crítico, nado pouco antes nos EE.UU, que pretende “recuperar” o suposto obxectivo último da economía; satisfacer as necesidades de tódolos individuos. Este movemento crece dentro dalgunhas das grandes tradicións ideolóxicas europeas pero sobre todo, de xeito máis claro e contundente, faino nos movementos cristiás.

Pero o interese polo aforro e as inversións, o seu papel no sistema capitalista e as posibles propostas alternativas do seu uso formaron e forman parte tamén do ideario comunista. E ,aínda que estas estaban englobadas nun proxecto total, podemos

acudir a obra de Antonio Gramsci para constatar a existencia de tales propostas non como parte dun ensaio sobre como debería ser o emprego do aforro nunha sociedade socialista ou comunista, senón como parte dunha reflexión sobre a dirección económica da produción de aforro. Gramsci postula que “se o Estado se propuxera impoñer unha dirección económica pola cal a produción de aforro deixara de ser “función” dunha clase parasitaria e se convertera en función do mesmo *organismo produtivo*” poderíao reorganizar (o organismo/aparato produtivo) para desenvolve-lo de xeito paralelo “ó aumento da poboación e das necesidades colectivas”. En resumo Gramsci propón como finalidade do aforro e das rendas a satisfacción das necesidades colectivas en vez de que respondan unicamente ás “consecuencias xurídicas do puro dereito de propiedade” ademais para Gramsci o axente encargado de garantilo é o Estado.

O funcionamento e as actividades da Banca Social aprofundizan no obxectivo exposto por Gramsci e aínda que non coinciden co suxeito director do proceso si que mostran unha característica estudada e tamén postulada en certa medida polo gran autor sardo; a creación dun dobre poder na Sociedade Civil. Ese intento de “reconstitución” consiste en politizar tódolos ámbitos da mesma a través de formas de participación máis amplas que as institucionais. Formas de participación como a Banca Social cuxas reivindicacións non teñen nada que ver con aquelas reivindicacións neo-conservadoras dos mecanismos capitalistas de integración social. Defenden polo tanto a creación dunha Sociedade Civil alternativa dentro da Sociedade Civil imperante na liña proposta por Claus Offe e Johan Galtung e así se lles debe recoñecer.

Máis ala da súa labor diaria o intento de “reconstitución” da Sociedade Civil é en realidade o maior activo da Banca Social e dos movementos que a apoian.

Espero non tervos enganado co título.

## **2.5.4. Republicana**

### **REPÚBLICA E BANCA ÉTICA: apuntes e axiomas.**

Xosé Constenla Vega  
Xeógrafo

Se por algo se ten distinguido o actual período de globalización capitalista é polo agrandamento das diferenzas sociais entre os individuos. Moitos autores teñen aprofundado neste sentido suliñando o imparábel proceso de individualización e a paulatina desacreditación dos conceptos de concerto social que foron válidos até hai ben pouco tempo. O papel continuísta e reformista que dominou nos países ricos durante a década dos 1980 (coas administracións reagan-thachert e a aniquilación das organizacións de esquerda) implicou no económico un novo escenario vencellado a unha mercantilización salvaxe dos bens de consumo, a unha acentuación das inxustizas e das desigualdades para os máis e a unha acumulación de capital sen límites para os menos. Se a isto engadimos a tremenda importancia que tomou o universo da imaxe e do poder mediático dende mediados dos 1990, o xurdimento dunha nova organización internacional do traballo baseada na instrumentalización da explotación, o rapto por parte do sector privado dos recursos naturais co consentimento do poder público

e a desaparición e debilitamento das estruturas orgánicas de control cívico-sociais (partidos e sindicatos), semella correcto afirmar que as denominadas sociedades disciplinarias, como gostou denominar Althusser, constitúen o resultado da aniquilación de todas as pautas éticas e ideolóxicas, alén das coordenadas espazo-temporais, mediante o poder concentrado, vingativo e acelerado do proceso de acumulación de capital.

Fronte a este panorama de fractura e desasosiego, que provoca descoñecidas paisaxes de miseria e non lugares de endebemento extremo, a cidadanía consciente ten elaborado alternativas de praxe consciente e colectiva que tratan de transformar esta situación. Trátase de novas opcións que tentan superar postulados revisionistas que emanan do convencimento da inutilidade manifesta de estipular regras de control ao sistema capitalista a curto prazo. O que persegue é a constución aberta e participativa de institucións cívicas dende o asemblearismo, a democracia real, a participación down-top (de abaixo cara arriba), a estrutura horizontal e os movementos colectivos descabezados. Entón, ponse de manifesto que existen outros mecanismos para que o conxunto da cidadanía se exprese como amalgama sociopolítica organizada cando as institucións públicas de representación e os partidos e sindicatos fracasan na súa tarefa de portavozía e defensa dos intereses propios do pobo.

A Banca Ética supón un claro exemplo de alternativa e transformación en marcha ao establecer un mecanismo que desmostra que as finanzas son perfectamente compatíbeis coa ética e o beneficio social. Dende os anos 1970, diversos colectivos comezaron a cuestionarse un enfoque alternativo da economía e das finanzas. Trátase de grupos que promovían determinados valores éticos como a xusticia, a solidariedade, a ecoloxía ou o igualitarismo mediante campañas ou demandas sociais e que descubriron que cos seus aforros depositados en bancos ou fondos de investimento estaban financiando, involuntariamente, en ocasións a causa contra a cal pretendían loitar. Ademais, a Banca Ética tenta proporcionar respotas ás persoas excluídas do sistema financeiro, tanto dende o aforro<sup>13</sup> -ofrecendo produtos financeiros que, sen esquecer o rendemento económico, permiten participar nas decisións referentes ao destino dos aforros, sen entrar en contradición cos seus valores-, como dende o crédito -concedendo empréstanos ou créditos a aquelas persoas que teñan un proxecto empresarial viábel e con contido social, aínda que non teñan garantías patrimoniais ou avais-. Porén, cómpre enmarcar esta iniciativa dentro dunha cosmovisión xenuína e concreta que lle confira, se cadra, maior peso explicativo. No fondo, a Banca Ética está asentada sobre principios esenciais como a fraternidade e o igualitarismo como alicerces e centros de gravidade da estruturación política democrática da sociedade, entendidos como democracia horizontal. Outro aspecto fundamental devén do estímulo provocado pola cooperación, como valor antitético da competición. En defini-

---

<sup>13</sup> Cómpre non confundir os bancos éticos coas estratexias comerciais que emprega en moitas ocasións a banca tradicional para aproveitar a sensibilidade dos seus clientes creando produtos nos que se destina parte das comisións a financiar algunha obra social, pero que non cuestiona o uso que se fai do diñeiro que se move nestes produtos ou en qué tipo de empresas inviste ese fondo.

tiva, a Banca Ética entendida como a práctica cotiá en experiencias que emanan da democracia participativa, ou sen eufemismos, da democracia real, como xeito preferente de intervención e participación no plano da acción política, coa intención de trascender o actual marco xurídico-político da democracia representativa.

Precisamente, nos últimos tempos está agromar un sentimento colectivo dende o xérmolo inicial deste corpo de ideas cun mesmo fío ético conductor. O republicanismo, a república, como explica A. Domenech, é unha forma de civilización e cultura sociopolíticas. O que se defende ao longo do *Eclipse de la fraternidad*, non é tan só a superación dun aparello de poder político e do sistema de Estado senón que como sinala X. M. Beiras na súa *Declaración de Láncara* “de pouco val derrubar ou abolir unha monarquía se a sociedade non asume a república como cultura civicopolítica, se non a impregnan os valores republicanos<sup>14</sup>”. Retomar e reactivar principios como o igualitarismo, a fraternidade, a laicidade, a primacía dos dereitos colectivos ou a socialización da riqueza debe ser a pauta de comportamento dunha praxe republicana.

Debemos entender o republicanismo, e a Banca Ética no seu seo, como un proceso de constante aprendizaxe da convivencia do individuo en interacción co seu entorno. A normalización dese proceso a nivel colectivo é a chave do avance histórico nas formas que pode revestir a estrutura social dos povos, nunha causalidade dialéctica coas condicións materiais de existencia e máis coas formas culturais e as representacións ideolóxicas e axiolóxicas que o propio proceso vai enxendrando. Neste sentido, a Banca Ética incardínase na construción mesma do cadro ético-ideolóxico do marco interpretativo da República como concepto amplo e plural. O obxectivo debe ser entón a consecución dunha sociedade máis xusta e equilibrada, interesada polas minorías e os excluídos do sistema e que garanta as mesmas oportunidades de desenvolvemento para todos os individuos.

#### BIBLIOGRAFÍA:

BEIRAS, X. M. (2005): “Declaración de Láncara”. ([www.sinpermiso.info](http://www.sinpermiso.info))

DOMENECH, A. (2004): *El eclipse de la fraternidad. Una revisión republicana de la tradición socialista*, Crítica, Barcelona.

---

<sup>14</sup> Continúa Beiras: a cultura civicopolítica francesa distingue entre democracia e república, e mesmo enxendrou un coñecido requilorio preñado de ironía: “se chega a perigar a democracia aínda nos restará a república”.

## 2.5.5. Anarquista

### Dende unha perspectiva Libertaria.

Francisco J. Martinez  
Militante CGT BURGOS

¿É posible atopar razóns para “prestar” cartos dende unha perspectiva libertaria?

Quizais non sexan tódalas razóns, pero si algunhas importantes.

Non podemos obviar que aquí, nas sociedades opulentas, xérase unha inxente cantidade de riqueza. As persoas da clase media, asalariados na súa maioría, en caso de levar unha vida sinxela sen excesos tales como: segundas vivendas, viaxes porque si, ou cenas e festas semanais, e se ademais son austeras nos gastos e reciben un salario xusto; resulta que, ó transcorrer do tempo vaise creando, pouco a pouco, un excedente dinerario.

Xorde entón, entre outras cuestións, a cuestión do destino dese diñeiro sobran-te. A xeralidade depositarao en caixas ou bancos, pero dende logo que iso é pouco frutífero e ata covarde, e por suposto non é acorde cunha vida libertaria.

O feito de sacar diñeiro do circuíto bancario e poñelo en movemento facendo que outros poidan ser beneficiarios de elo, é xa un enfrontamento co poder financeiro.

A vibrante defensa da liberdade que, para nós e para os demais, habemos de facer, habemos de facela con gran dose de orixinalidade, e en todo os ámbitos que nos sexa posible, para liberar ós homes dos xugos que os atenzan; por elo propor unha iniciativa económica, no campo da financiamento é unha desas cousas que podemos e debemos facer.

Seguindo a D. Abad de Santillán, ó escribir achega das dúas rutas que nos encamiñen a un mundo novo, de paz, xustiza, de traballo fecundo, e feliz, e sendo unha delas o camiño totalitario (xa sexa en nome da raza ou da clase), dinos achega da outra: “A outra ruta é menos espectacular: quere facer do home, das súas necesidades e das súas aspiracións, a medida de tódalas cousas; quere o ensaio e a experimentación no campo económico e social; quere a liberdade ata para equivocarse, para errar; quere unha forma de vida non capitalista fundada en asociacións libres de produtores e de consumidores libres, rexeita todo absolutismo porque sostén que non hai verdades absolutas, indiscutibles, e por conseguinte, non hai homes, partidos ou clases que estean unidos co óleo santo da infalibilidade; quere unha gran revolución na moral, nas costumes, nas institucións e quere iniciar esa revolución dende hoxe mesmo, como hoxe mesmo se sementei-ra a semente da que pode xurdi-lo árbore frondoso mañá. Nunha palabra, esta solución edifica única e exclusivamente sobre o home e a súa liberdade, para que se tome nas súas mans e sexa responsable do seu destino. Trátase de elixir.”



Visto o cal se avanza dende o campo da resistencia e a crítica unicamente (o así non permanente de moitos sectores) ó campo da creación de realidades concretas e solidarias.

Dende esta perspectiva, o enriquecemento duns poucos é totalmente ilícito, posto que millóns de persoas precisan esa riqueza.

A realidade que naza deberá facer unha forte crítica ó sistema capitalista, nestes momentos xa ultra-liberal, posto que arroxa á maioría da humanidade á escravitude e o fame.

É o apoio mutuo o que nos ha de movernos para facer do excedente económico individual un beneficio colectivo para os demais, xa que quen deposita unha cantidade de diñeiro neste tipo de iniciativa non ha de busca-lo beneficio persoal. Farase sociedade fronte a estado na medida en que as decisións do destino do diñeiro sexan colectivas e vaian implicando a tódalas persoas, tanto ós que poñen como ós que reciben.

Seguindo a Kropotkin que nos dirá: "Dicir ás xentes "destruamos, e logo xa veremos o que se pode facer", non é máis que enganarse a si mesmo e aos demais. Xamais foi creada unha forza real por medio da decepción."

Así pois, construír, construír e construír.

## **2.6. Unha ferramenta os Microcréditos.**

Unha das actividades que levan a cabo algúns bancos éticos é a de conceder microcréditos. Trátase de pequenos (ou moi pequenos) créditos que demostraron a súa eficacia á hora de promover o desenvolvemento das persoas con moi poucos recursos que os reciben e as comunidades ás que pertencen. Cos microcréditos moitas persoas poden optar a un crédito que na banca tradicional non conseguirían. Trátase, pois, dunha ferramenta que dignifica ás persoas que o reciben, xa que conseguen que unha organización confíe neles e nos seus proxectos, e lles preste os poucos cartos que precisan para comezar unha actividade económica.

Este tipo de iniciativa demostra que a pobreza non significa morosidade, que estas persoas son xente na que se pode confiar e que os microcréditos liberan ás persoas da dependencia que provocan os donativos para promover actividades económicas viábles, xa que permiten que sexan posuidores, que non dependan de nada nin de ninguén, dos seus bens de produción e da súa liberdade.

A economía alternativa e a ferramenta que AIS "O Peto" usa, os microcréditos, como calquera proposta creativa de transformación social debe superar un bo número de resistencias intelectuais.

A primeira é a xustificación ética, sen esta non sería necesario plantexarnos as demais. Mais pola breve aproximación a análise da situación das desigualdades e da lóxica global, semella que esta está superada, aínda así, presentaremos unha serie de xustificacións de diferentes índoles, que se ben por unha banda tentarán evidenciar a hete-

roxeneidade do actual suxeito histórico, por outra, valerán para afondar nesta cuestión xustificativa.

Unha vez superada esta primeira e fundamental resistencia, o seguinte paso sería dar resposta a diferentes resistencias que se teñen prantexado á ferramenta do microcrédito. Partindo de dous principios imos tentar de responder: o primeiro será que falaremos dende a praxe da nosa asociación, por iso, algunha destas resistencias poderán seguir sendo defendidas noutros casos ou realidades, e segundo, partimos de que non pretendemos abarcar todo, senón ofertar unha resposta parcial a unha análise global da que tamén nos ocupamos pero que non é o noso quefacer propio da asociación.

Tendo isto claro, imos a ver unha serie de cuestións que se plantexan:

### **2.6.1. Resistencias intelectuais ás que ten que dar resposta o uso dos microcréditos. (Respondendo dende AIS “O Peto”)**

#### **a) *Non é un instrumento que plantexe o combatir as causas últimas da exclusión e a inxustiza, se non actuar sobre as súas consecuencias.***

*Certamente, o uso do microcrédito non se plantexa como unha ferramenta de cambio total, senon como unha ferramenta útil para un quefacer parcial. O microcrédito é, pois, unha iniciativa parcial, como moitas outras nas que participamos. A loita sindical, a ecolóxica ou a feminista son tamén iniciativas parciais; buscan melloras nas condicións de traballo, no respecto ao medio ou nos dereitos da muller, pero somos conscientes de que ningún deses avances tomados illadamente nos levará á emancipación social á que aspiramos.*

*Mais penso que nesta afirmación falta un elemento substancial, cando se afirma que non se actúa sobre algo, hai que afirmar que é ese algo, é dicir, ¿cales son as causas últimas da exclusión e a inxustiza? Dende logo non é asunto fácil nin de claridade meridiana; pero por mencionar dúas que a min se me ocorren: a propiedade privada e a deshumanización das accións sociais, estas dúas causas de grande debate, sobre todo a cuestión da propiedade, son asuntos que dende a praxe de Ais O Peto si están respostadas, xa que por unha banda a corresponsabilidade social, o vertebramento da sociedade civil como suxeito (por tanto, constructor consciente) tenta afondar na cuestión da acción social, e por outra banda, a creación de medios de produción, propiedade privada, dos e das propias traballadoras para a súa conquista da liberdade económica, nos sitúan nun plano de importante hábitat.*

*Nun mundo capitalista, o valor determínase polo capital, o valor humano, da persoa está nun segundo plano, importa máis ter que ser; fiarse do outro, entrar en diálogo fraterno (no senso republicano do termo) é incidir nesta contradición*

do sistema actual, e sobre todo darlle resposta. En segundo lugar, ninguén é libre se non ten os mecanismos necesarios para exercer esa liberdade. A falla de liberdade é unha das causas últimas que penso afectan na sociedade actual, neste senso, o microcrédito outorga capacidade de decisión e título de propiedade aos zarrapastos. En definitiva revalorizar á persoa, á dignidade, á liberdade, á igualdade e á fraternidade nun uso responsábel e globalizado del.

**b) Unha ferramenta que serve para incluír aos pobres no sistema neocapitalista. Inserta novos consumidores no mercado, facéndoo cada vez máis grande, máis numeroso.**

Un postulado do liberalismo económico é que o mercado fora de toda intervención pública producirá unhas maiores cotas de liberdade e igualdade en toda a sociedade, xa que por “arte de maxia” a riqueza se distribuirá. Claro está que os que somos críticos con este postulado o primeiro que evidenciamos é que os fluxos de capital cando están sen intervención, tenden cara unha concentración en mans de intereses privados, é dicir o hai unha concentración de capital que impide a liberdade da maioría, a igualdade entre todos/as etc..., incidir contra esta concentración de capital semella positivo a todas luces.

Mais esta afirmación conleva unha arma de dobre fio, ¿como podemos dende o primeiro mundo ter o valor de excluír ideolóxicamente dos bens que nós disfrutamos? ¿Como nós, insertos na sociedade do consumo, vivindo nela, esiximos que os excluídos non poidan consumir? A cuestión moral non pode ser imposta ao próximo. A mellor forma de dicir é facer, mudemos a nosa sociedade consumista, a conciencia do noso barrio e logo digámoslle aos outros como vivir. Os famentos teñen dereito a consumir, como nós. A opción moral virá no exercicio da liberdade, tamén defendemos o valor da austeridade, pero ante a posibilidade de selo, non ante a imposición da marxinação.

**c) O microcrédito é un dos paradigmas da cooperación ao desenvolvemento de inspiración neoliberal e non hai nada máis que ver quenes son as institucións e personalidades que máis apoian este tipo de ferramentas.**

O apoio aos microcréditos é, pois, unha forma de solidariedade para aquelas persoas que consideran que todo ser humano ten dereito a unha vida digna e que é un deber moral contribuir a facelo posible. Con todo, convén citar tamén a aquelas outras persoas que buscan ocultar cun verniz caritativo as súas miserias morais. Hillary Clinton (admiradora do criminal Ariel Sharon), Paul Wolfowitz (quen como Subsecretario de Defensa dos EE UU admitiu cinicamente que o petróleo fora a causa da invasión de Irak) ou o Fondo Monetario Internacional, son algúns dos neobandeirados deste tipo de préstamos.

Mais ter a estes “compañeiros” de vaixe, máis ou menos incómodos para cada un, o que debe é ser máis coidadosos nas formas que se empregan para poñer en marcha este tipo de mecanismos. A cuestión fundamental é dende onde se usan, e para que fins se fan. Si se conceden os sobrantes irrisorios, e como quen merca unha caixa de tabacos, dona un capital para a concesión de microcréditos, si se anuncia a toda páxina dos xornais os xestos caritativos e bondadosos, etc..., ou se por contra úsase como ferramenta de responsabilidade militante para a transformación social, respostando á martilleante cuestión das desigualdades nun mundo farturento, da marxinação e da quebra de dignidade dos seres humanos. Porque toda pobreza é un ataque contra a dignidade humana; as súas causas tamén, os/as ricos/as, tamén.

**d) É unha solución individual para o valiente, para o emprendedor, para o que arrisca. É unha solución individual para o que, en boa lóxica capitalista-protestante “salva-se polas súas obras”.**

Depende do cristal con que se mira, din. O valor do risco, do esforzo, da capacidade de superación, non é malo de seu en ningún caso, é máis, poden ser valores propios de todo heroe ou heroína (Gandhi, o “Che”, etc...), mesturar esto coa lóxica capitalista-protestante de que o que economicamente sobresaé é porque o que fai é bo aos ollos de deus, e o que se afunde é porque deus o castiga, semella confuso (sobre todo se estamos a falar da India!!).

De todos xeitos, entender esto de forma positiva, que o microcrédito favorece isto é falar simplemente de autoxestión, ou non era o movemento obreiro que desexaba ser propietario dos medios de produción? Non é cuestión de xustiza (nin mundana nin divina), é cuestión de favorecer a igualdade de oportunidades e de sociabilizar a responsabilidade.

Sobre a cuestión da “individualismo”, non se lle pode achacar ao concepto de microcrédito esta consecuencia xa que tamén se poden conceder a propostas colectivas (cooperativas, pequenas empresas, etc...).

**e) Os microcréditos encamiñados a vaciar as responsabilidades políticas e institucionais, que en ofrecer transformacións substanciais que melloren o acceso a bens públicos globales por parte dos máis desfavorecidos e aumenten o compromiso activo dos gobernos e países máis ricos coa súa eliminación.**

Até que a renda básica non sexa un ben público, para os famentos, só a súa propia emancipación de toda clase de escravitudes é válida. Eu comprendo o senso profundo desta afirmación, pero como dicía Rosa Luxemburgo, “a urxencia da revolución non nos debe facer pisotear as flores de Berlín”. Ningún goberno do mundo actualmente, e menos do primeiro mundo quere eliminar a pobreza, que facer

entón? agardar a que cambien esta forma de actuar ou crear mecanismos creativos que axuden á liberación das sociedades empobrecidas? Tal vez as formas de facer dos gobernantes non sexa outra cousa que buscar beneficios das elites exercendo formas comúns e aceptadas pola sociedade; así pois, se mudamos os hábitos de aforro insolidario, da inmoral dos cartos, etc..., os gobernantes terán que imitar o novo quefacer da sociedade.

Por outra banda, a esixencias, críticas, denuncias e presións ás institucións públicas deben seguir facéndose para extender os obxectivos que cada colectivo encarna. Por iso, tamén esta parte é imprescindible de toda acción colectiva que se leve a cabo nas sociedades en que vivimos, Ais “O Peto” faino sistematicamente.

**f) Sobre non preguntarse as condicións laborais dos postos de traballo que se crean e por tanto a ausencia reguladora do Estado.**

Esta cuestión vai nidiamente vencellada á atenor. A cuestión no caso da nosa asociación e de como usamos os microcréditos ven determinada pola cuestión da viabilidade empresarial. Dependendo deste criterio virán determinadas as condicións laborais. Na nosa asociación esta é unha cuestión que determina ou non a concesión do préstamo. Mais por outra banda, tamén cómpre dicir que a regulación do Estado en materia de condicións liberais permite unha enorme cantidade de explotacións sociais á clase traballadora máis indefensa. É dicir, a acción do Estado se ben equipara ante a Lei, non garante unhas condicións laborais dignas de por si.

Por isto, dende a nosa asociación, os postos de traballo teñen que cumprir coa legalidade vixente (seguridade social), mais este requisito non é o necesario para unha viabilidade positiva, teñen que darse outros máis acordos coa dignidade e a liberación.

## **2.7. O aforro solidario**

O principal causante da desorde establecida no noso mundo é o sistema económico, e, dentro del, o sistema financeiro. Para facerlles fronte xa coñecemos algunhas alternativas como o consumo responsable e o comercio xusto. Outra alternativa é o aforro solidario.

Esta iniciativa lévanos a repensar e ampliar o concepto de rendibilidade, incluíndo a rendibilidade social, ademais da monetaria. Isto fainos caer na conta de que o noso aforro pode ser un instrumento de transformación social, ao servizo dun mundo máis xusto e solidario.

Hai persoas sensibilizadas ante a inxustiza e a desigualdade extrema no noso mundo. A moitas persoas que están comprometidas e traballan en diferentes ámbi-

tos por ese “outro mundo posible” preocúpalles que os seus cartos, que soen estar dentro do sistema capitalista, estean ao servizo duns valores e intereses opostos aos deles: lucro ilimitado, especulación, competitividade, explotación, degradación medioambiental...

Trátase de rescatar os cartos e os aforros.

## **2.8. Unha lóxica económica diferente, ¿En que principios se basea?**

A economía alternativa é unha cuestión moi aberta e plural, da que ninguén pode nin debe tentar apropiarse. O plantexamento de alternativas creativas é de suma importancia, uns principios creativos de economía alternativa ou de alternativa económica poderían ser estes:

1. A terra é de quen a traballa. Urbanizando este concepto, o traballo e de quen o realiza e non de quen o “oferta”. É dicir, o feito de realizar unha actividade productiva é responsabilidade de quen a realiza, non só de quen saca beneficios dela. A cuestión da propiedade dos bens de produción de riqueza son un dos focos tradicionais de máis disputa e controversia.
2. Economía: ferramenta ao servizo da persoa. A vontade política e social sempre por riba do capital. Esta lóxica semella estar esquecida ou aparece como algo inxenuo e afastado do mundo real. Algo tan elemental como que os beneficios son para o disfrute, e se ese disfrute o que conleva é a salvagarda da propia existencia, non hai excusa lóxica explique as desigualdades existentes e a realidade da fame na face da terra.
3. Non ten máis o que máis cobra, xa que é máis barato viaxar en primeira que viaxar en terceira (fagamos unha comparación do que monetariamente implica un billete para a xente que viaxa en primeira e para a que viaxa en terceira..., é moitísimo máis caro viaxar en terceira!!). Isto podemos transportalo, e nunca mellor dito, a moitos campos da actualidade, como por exemplo o AVE, quen paga as obras? quen vai montar nel? Mentres que as obras as pagamos entre todos e todas só unha pequena elite da sociedade poderá usar este tipo de transporte por mor dos seus custos. (Sen entrar agora na devastación ecolóxica que supón), nin sequera montando nel, o AVE nos resulta caro a moitos!!
4. A riqueza é unha ameaza. E é así en dous sentidos: un está moi ben reflexado na trama do filme *Os Edukadores*, unha rapaza ten un accidente vial e cocha co seu coche contra un automóbil de luxo, isto implica que ten que pasarse anos e anos da súa vida hipotecada para repararlle ese ben de luxo a outra persoa. A riqueza é unha ameaza para o que non é rico, provoca unha relación de dominación alén da escala económica, xa que debemos temer “escachar o luxo” do outro. Por outra banda, máis moral, a riqueza é unha ameaza xa que un ser humano desbordado de bens corre o perigo de deshumanizarse, como se non pódese permitir o luxo un ser humano de vivir con inxentes cantidades de luxo e despilfarro mentres outro ser humano está a morrer de fame. O problema moral está claro,

así que sacarlle o capital aos botíns e aos ortegas é unha cuestión de solidariedade con eles, xa que están deshumanizados, temos que pretender que o seu corazón volva a sentir!!

5. É máis solidario, non o que máis da, senón o que se queda con menos. Os ricos por moito que den..., sempre se quedan con máis, e ese abismo que os separa dos pobres e escándalo e insulto para toda persoa de ben. Máis claro, solidariedade implica poñerse ao nivel da persoa coa que queres ser solidario, dende logo hai realidades de miseria coas que non hai que ser solidario neste senso, hai que combatelas e denuncialas. O sistema de caixas de aforro actuais naceron dos Montes de Piedade dos Franciscanos, congregación que de seu tiña o voto de pobreza..., imaxinemos a un banqueiro, un presidente dunha multinacional etc, con ese voto, raro, non si? Non é cuestión de voto, é cuestión de lugar, os ricos non poden solucionar o problema dos pobres, xa que o problema dos pobres son os ricos.
6. ¡Viva a lei do saco!, as caixas de resistencia. A mellor banca era un saco vello, alí os obreiros pobres aportaban o seu mísero salario para que outras familias en paro puideran comer e vivir con dignidade. Traballar moito, aportar economicamente moito, e precisar pouco (sendo austeros) era sinal de orgullo para aquel movemento obreiro...; esto está recollido espléndidamente neste texto de 1931:

*“¿De que viven os obreiros que non traballan? Viven grazas á axuda dos seus compañeiros, que do seu mísero xornal ceden sempre un pouco para os que aínda son máis desgraciados que eles. En Barcelona os pisos son moi espaciosos e os salarios moi baixos. Por iso viven varias familias en cada piso. Os que traballan reparten cos parados. Nas aldeas de Extremadura, o xornaleiro dá a metade do seu pan ao compañeiro sen traballo. E isto faise calando, sen que ninguén se entere. En Madrid os señoritos pregúntanse abraiados: ‘¿Como non se morreron xa de fame os sen traballo?’ Para sacar a un burgués de Berlín cinco marcos para a sopa dos pobres hai que mentarlle a Biblia e ao Brüning, hai que halagarlle: ‘en vostede hai un corazón noble’ hai que prometerlle: ‘contaremos no xornal o seu rasgo xeneroso’ hai que botar man da filosofía: ‘e non teñen nin unha mala sopa, comezarán a asaltar tendas.’ O extraño é que un tipo desta clase e un campesiño de Olivens, que mantén á familia dun compañeiro sen traballo ocultando o seu sacrificio incluso aos seus veciños, podan designarse coa mesma palabra home.”*

España república de trabaxadores, Ilya Ehrenburg (1931)

## 3. AIS “O Peto”

### 3.1. A orixe e posta en marcha de AIS “O Peto”

No ano 2005 un grupo de persoas de distintos ámbitos decide comezar unha reflexión sobre a situación da sociedade e posibles alternativas ante os moitos problemas que a afectan, sobre todo no referente ás desigualdades e falta de oportunidades para moita xente en situación de carencia. Buscan algo diferente ás propostas que xa hai, para cubrir problemas que non poden ser atendidos ata o momento.

Existe unha inquietude por parte dalgunhas persoas de non contribuir a un sistema considerado inxusto, no que respecta ao uso dos cartos, e poder utilizalos para outros fins diferentes aos que propón o sistema bancario tradicional.

Na busca de alternativas aparece o tema dos microcréditos, promovido por Yunus e que está dando moi bos resultados. Parece interesante, e non se coñecen propostas deste tipo na nosa zona. Así que se lle empeza a dar forma á idea.

Madurando esta idea chégase á conclusión de que o mellor é crear unha asociación na que as persoas poidan invertir os seus cartos sabendo que estes non van ser utilizados para manter as situacións de inxustiza e dominación, senón que van servir para axudar a outras persoas. Desde o principio quérese que quede moi claro que non se trata de donacións, senón dunha forma diferente de invertir: en lugar de facelo para gañar máis cartos faise para promocionar persoas e poñer en praxe o principio de austeridade.

Hai que dicir que a proposta foi recollida doutras similares, sobre todo a de Sevilla, pero neste caso fixéronse modificacións segundo as circunstancias. Así, decidiuse que se funcionaría con participacións. Cada socio podería coller as participacións que quixera, invertindo así os seus cartos. As participacións son de 60 euros. Ademais, establécese que o 10 % de cada participación non pode ser recuperado, porque se considera que é necesario para o funcionamento da asociación. O concepto de inversión cambia bastante do tradicional.

A organización tamén ten algunhas peculiaridades. Tódolos socios e socias, teñan invertido o que teñan, teñen o mesmo peso á hora de tomar decisións en asemblea. Aínda que existe unha xunta directiva para que o funcionamento sexa máis áxil, estas reunións da xunta directiva son abertas a tódolos socios e socias, podendo participar plenamente na toma de decisións.

Quedaba por ver que era o que se facía cos cartos. Neste caso a opción por parte da asociación estivo relacionada co problema do emprego. Aínda que apareceron outras posibles vías de utilización, había bastante consenso en considerar que a falta de emprego era un problema que afectaba a parte da sociedade no noso entorno, sobre todo en colectivos determinados (inmigrantes, mulleres...), e que de cara á promoción buscar vías de solución a ese problema era moi importante para o desenvolvemento da persoa e da sociedade. Estaba claro que se se conseguía que unha per-



soa puidera traballar iso repercutiría na solución doutros problemas tamén moi importantes (vivenda, manutención...).

Analizando que se podía facer nese campo pensouse no tema do autoemprego. Pola experiencia de moitas persoas que traballaban con estes colectivos víase que había moitos problemas para acceder a préstamos dos bancos, porque normalmente pedían un aval, que as persoas implicadas non podían ter, e os intereses non eran fáciles tampouco de amortizar. Así que se decidiu que se concederían préstamos para proxectos de autoemprego que doutra maneira non poderían conseguir, polas razóns que dixemos antes. Estes proxectos, por suposto, tiñan que ser viables, porque se non, non servirían para promocionar persoas, senón para facelos caer en máis problemas aínda. A supervisión da viabilidade ou non dos proxectos corre a cargo da Plataforma polo Emprego, na que traballan técnicos especialistas en cuestións de emprego que son os que presentan á asociación aquelas propostas que consideran que van ter éxito, e que sen a axuda da asociación non poderían saír adiante.

Sempre se viu como algo tremendamente importante non só o feito de estar axudando realmente a persoas concretas (nos dous anos que leva funcionando concedéronse seis préstamos), senón sobre todo o que supón de enriquecemento para os/as socios/as, de posibilidade real de ter outra opción para investir os seus cartos, e non entrar así nun sistema que xenera inxustizas. É realmente curioso que haxa 80 persoas que decidiran investir os seus cartos nesta asociación sabendo de antemán que xa teñen perdido o 10%, por exemplo.

Outro aspecto que a asociación quere atender é a formación, tanto dos socios/as como en xeral para todas as persoas que queiran coñecer outras formas de financiamento. Tódolos anos se organizan unhas xornadas de formación, a través das que se pretende difundir e insistir na idea de que o sistema non é xusto e hai que buscar alternativas. Este é un dos principais obxectivos da asociación. Máis que conseguir socios e levar adiante os proxectos é fundamental crear nas persoas unha conciencia de que hai outras posibilidades de utilizar os cartos e que estas son reais, posibles, están funcionando.

### **3.2. pero... Que é AIS “O Peto”?**

É unha asociación sen ánimo de lucro que propón e alenta unha economía alternativa e solidaria onde se antepón o valor da persoa por riba do capital.

#### **O noso ideario**

- Rotura progresiva coa xestión tradicional dos aforros e dos cartos, coa súa mentalidade e os seus hábitos.
- Contribuír ao abandono progresivo do lucro e especulación do sistema financeiro.
- Xestión pola sociedade dos seus propios recursos contribuindo á mellor redistribución dos mesmos, á pedagogía da solidariedade e á participación sociopolítica.

- Facer do traballo o medio e obxectivo central de todo préstamo.
- Promover unha formación integral das persoas fomentando os valores de xustiza e solidariedade, que favorezan un cambio de valores nas nosas vidas, para así transformar a sociedade.

### **Os nosos obxectivos**

- Achegar financiamento a aquelas persoas que teñen propostas viábeis de auto-emprego, pero que non teñen acceso ao sistema financeiro, caixas e bancos, ao carecer de quen os avale.
- Crear as canles que permitan a participación activa e o traballo coordinado de quen está interesada/o nos múltiples aspectos da economía alternativa e solidaria.
- Por en marcha os medios necesarios que faciliten a participación e/ou investimento de quen busca criterios éticos e unha rendibilidade social ao seu diñeiro.

### **O noso funcionamento**

- O capital de AIS “O Peto” está formado por participacións de 60 euros.
- O 90% do capital destínase a préstamos, financiando proxectos de creación de emprego que non teñen acceso á financiación tradicional. O restante 10% a accións divulgativas e administración interna, porcentaxe non recuperábel.
- Outra forma de participar será a achega de traballo voluntario.
- O estudo da viabilidade e o seguimento técnico dos proxectos presentados faise a través da Plataforma polo Emprego. Unha xunta directiva aberta a tódalas socias/os aproba a concesión dos préstamos por maioría cualificada responsabilizando a un/ha socio/a do seguimento.
- O modelo é autoxestionario e democrático.

### **O nosos medios**

- Traballo gratuíto dos socios/as e colaboradores/as, tanto no cumprimento dos fins da asociación como no seu funcionamento interno.
- Capital formado polas participacións adquiridas. Este capital pode posteriormente recuperarse nun 90% segundo un procedemento establecido ao efecto.
- Investimento non lucrativo de proxectos con rendibilidade social ou cultural e viabilidade económica, que poñen o centro de atención no traballo socialmente necesario para que a persoa poida ser protagonista da súa vida.
- Educación en actividades de formación para socios/as e simpatizantes, co fin de afondar nos fundamentos da economía alternativa e solidaria. Os/as destinatarios/as dos préstamos tamén poderán participar nelas.

## 4. Outras formas de facer economía

### 4.1. Renda básica

#### A Renda Básica

Daniel Raventós  
Presidente Red Renda Básica

A Renda Básica é un ingreso pagado polo estado a cada membro de pleno dereito da sociedade ou residente, incluso se non quere traballar de forma remunerada, sen tomar en consideración se é rico ou pobre, ou dito doutra forma, independentemente de cales poidan se-las outras posibles fontes de renda, e sen importar con quen conviva. Esta é a definición que, aínda que longa, máis me gusta polo clara (e provocadora) que é.

“Un ingreso pagado polo Estado”. “Estado” pode incluír unha institución xurídico-política maior que a dos Estados-nación realmente existentes, como sería o caso da Unión Europea; ou pode referirse a ámbitos xurídico-políticos menores que o do Estado-nación. É dicir, a Renda Básica é pagada por parte dalgunha (ou algunhas) institución (ou institucións) pública(s).

“A cada membro de pleno dereito da sociedade ou residente”. Nos distintos modelos de financiamento da Renda Básica hai variacións con respecto á contía, ás idades (máis ou menos cantidade segundo a idade), á inclusión ou non dos menores, etc. Pero en tódolos casos trátase dunha cantidade monetaria que recibirían os cidadáns individualmente (non as familias, por exemplo) e universalmente (a súa obtención non estaría condicionada a padecer determinados niveis de pobreza, poño por caso).

“Incluso se non quere traballar de forma remunerada”. Moi a miúdo interprétase “traballo” como sinónimo de “traballo remunerado” ou “emprego”. Hai boas razóns para pensar que a seguinte tipoloxía do traballo é máis adecuada: 1) Traballo con remuneración no mercado, 2) Traballo doméstico e 3) Traballo voluntario.

“Sen tomar en consideración se é rico ou pobre ou, dito doutra forma, independentemente de cales poidan se-las outras posibles fontes de renda”. A diferenza dos subsidios condicionados a un nivel de pobreza ou de renda, a Renda Básica recibe igual un rico que un pobre. Se a Renda Básica é concibida como un dereito de cidadanía (como implicitamente pode desprenderse da definición), exclúe toda condición adicional. Como o dereito cidadán ó sufraxio universal, a proposta da Renda Básica non impón condicións adicionais ás de cidadanía (ou residencia acreditada).

“Sen importar con quen conviva”. A Renda Básica non favorece unha forma de convivencia determinada. Xa se trate de que baixo un mesmo teito viva unha parella heterosexual, ou persoas de varias xeracións, ou un grupo de amigos ou unha

parella homosexual, todas elas son formas de convivencia que en ningún caso condicionan o dereito a percibir unha Renda Básica.

Pode observarse que a Renda Básica é formalmente leiga, incondicional e universal. Percibiríase, en efecto, independentemente do sexo ó que se pertenza, do nivel de ingresos que se posúa, da confesión relixiosa que se profese e da orientación sexual que se teña.

Esta característica tan distintiva da Renda Básica, a de non estar condicionada a requisito algún distinto da cidadanía ou residencia acreditada, distínguea claramente doutras propostas, xa se trate das que gozan de anos de aplicación, xa se trate das que non pasaron do estadio da "teoría".

Algunhas das virtudes da Renda Básica son as seguintes:

A Renda Básica suprime de raíz a lacra coñecida por estigmatización. Ó ter todas as persoas dereito a ela, de forma universal e sen condición adicional á de cidadanía ou residencia, non estigmatiza ós perceptores, posto que o serían tódalas persoas.

A Renda Básica permite unha maior flexibilidade do mercado de traballo. Agora ben, esta flexibilidade iría acompañada por unha gran protección do traballador. Permitiría maior liberdade por parte do traballador para elixir un traballo. Un punto especialmente importante é que posibilitaría unha opción crucial: a de non traballar asalariadamente. Se trata do que varios autores han chamado "desmercantilización da forza de traballo". Tamén posibilitaría un maior marxe de elección con respecto á forma organizativa do traballo remunerado (autoocupación ou cooperativas, por exemplo).

A Renda Básica evita as trampas da pobreza ou do desemprego. Estas "trampas" aparecen cos subsidios condicionados, as cantidades monetarias que se perciben a través dos cales non son acumulativas (é dicir, trátase de transferencias monetarias incompatibles con outras fontes de renda e que, polo tanto, non permiten que se obteñan recursos máis alá de un limiar establecido). De aí a inexistencia de estímulos para aceptar ocupacións a tempo parcial ou de calquera remuneración que se dá cando se percibe un subsidio condicionado. Tecnicamente o podemos expresar da seguinte maneira: o tipo impositivo marxinal que se aplica a cada unidade monetaria que non sexa a do subsidio condicionado é en moitos casos do 100%, o que equivale a dicir que se perde unha unidade monetaria de prestación por cada unidade monetaria de ingreso salarial que se poida obter. Así, as trampas da pobreza e do paro, dito rapidamente, aparecen cando a percepción dos beneficios, fiscais ou doutro tipo, se atopa condicionada á verificación, por parte das autoridades, da suficiencia dos ingresos recibidos dentro do mercado laboral. A trampa do desemprego constitúe un caso especial da trampa da pobreza: prodúcese en situacións nas que é máis rendible non aceptar un traballo remunerado que perde-la prestación de desemprego. A diferenza dos subsidios condicionados, a Renda Básica non constitúe un teito, senón que define só un nivel básico a partir do cal as persoas poden acumular calquera outro ingreso. Deste modo, a Renda Básica, ó ser incondicional e perfecta-

mente compatible con outra fonte de ingresos (incluído o traballo remunerado) evitaría os problemas asociados ás trampas da pobreza e do desemprego.

A Renda Básica permite outro reparto dos tres tipos de traballo. Cunha Renda Básica, as persoas son máis libres para decidir cando e como prestan a súa forza de traballo a cambio dun salario; ou se prefiren realizar un traballo voluntario; ou se queren dedicar máis tempo ó traballo reprodutivo ou doméstico.

A Renda Básica mitiga a aversión ó risco e permite unha maior innovación. Hai dous tipos de emprendedores: aqueles que teñen un colchón (familiar a maioría das veces) que lles permite propor un proxecto empresarial de forma racional e temperada e aqueles para os cales a autoocupación é a única saída laboral. En o segundo caso, o risco no que se incorre non é só perde-la investimento, senón perde-los medios de subsistencia, o que fai que calquera decisión sexa moito máis angustiosa. Pero non é só isto: en moitos casos, a falta de un capital inicial mínimo retrae a potenciais emprendedores. A Renda básica, en cambio, permitiría ós emprendedores do segundo tipo capitalizar o proxecto empresarial e, ó tempo, non ser tan dependentes do éxito do proxecto para sobrevivir.

A Renda Básica socava –aínda que non suprime- o poder de dominio do empresario na relación laboral. O poder de negociación e as estratexias nas relacións laborais aléranse debido ó feito de que a parte máis feble da relación laboral queda fortalecida. Non se está dicindo con elo que se consiga unha situación de igualdade entre as dúas partes da relación laboral, xa que o empresario segue sendo o axente que define o contido, a forma e as condicións (incluídas as económicas) que adquire dita relación, á vez que mantén o poder de dirección. Pero a Renda Básica daría unha maior capacidade de negociación ós traballadores.

A Renda Básica elevaría os salarios dos traballos pouco atractivos, pouco estimulantes, que xa ninguén se vería obrigado a aceptar para sobrevivir, e, simultaneamente, reduciría os salarios medios dos traballos atractivos e intrinsecamente gratificantes. Os traballos penosos, os que se desempeñan baixo condicións físicas extremas, deixarían de ser aceptados cos niveis salariais actuais. Deste modo, aumentaría a presión que terían os empresarios para asumir incrementos salariais substanciais para facer atractivas as mencionadas tarefas.

## 4.2. Comercio xusto

Carmen Bouzas, Adrián Pérez e Virginia Alonso  
Asociación polo comercio xusto e solidario **PANXEA**

### A CAIXA VERMELLA DE NESTLÉ...

*“O comercio é unha relación, non un produto” (nin o seu envoltorio)  
Mountagut, X e Vivas, E (2006)*

O **comercio xusto** NON é a alternativa ao capitalismo, pero si rompe co sistema imposto establecendo **relacións baseadas na confianza, na transparencia e na responsabilidade**.

O comercio xusto desenvólvese desde o **respecto** ás persoas, ao medio natural e ás culturas, e busca o **cambio social** desde o **consumo consciente e responsable**.

Polo tanto, na medida en que o proceso de intercambio de produtos reparte equitativamente os esforzos e os beneficios, **cada quen** asume a súa **responsabilidade na CADEA COMERCIAL**:

- os produtores e produtoras,
- as organizacións importadoras,
- as tendas e
- os consumidores e as consumidoras.

O Comercio Xusto baséase nos seguintes **principios**:

- Salarios e condicións de traballo dignas.
- Ausencia de explotación laboral infantil.
- Igualdade entre home e muller.
- Relacións a longo prazo e pago de parte do prezo por adiantado.
- Aposta polos circuítos curtos de comercialización e polos produtos locais e de tempada.
- Funcionamento participativo e democrático das organizacións.
- Reinvestimento de parte dos beneficios sobre as propias comunidades.
- Respecto polo medio ambiente en toda a cadea (produción, transformación, envasada, transporte e comercialización).
- Produtos de calidade.
- Información ao consumidor e transparencia en toda a cadea.

O movemento de comercio xusto inclúe na súa filosofía o **equilibrio** dentro de **todo o proceso de comercialización**. Os produtores das diferentes comunidades

deben respectar os principios sinalados, repartindo a riqueza, investindo en bens sociais, erradicando o traballo infantil e respectando o medio ambiente. Estes principios deben tamén respectarse por todos aqueles que participan no proceso, é dicir, as organizacións adicadas á distribución e por suposto os colectivos que comercializan os produtos nos denominados países desenvolvidos. A existencia deste cordón de unión entre os produtores e os consumidores promove o coñecemento de outras culturas e outras realidades sociais, e fomenta a implicación dos cidadáns en cuestións habitualmente alonxadas das súas vidas.

Para obter o respecto e a implicación social é imprescindible **evitar** a utilización do comercio xusto como **ferramenta de marketing** das multinacionais ou das empresas donas de grandes superficies, xa que como estratexia comercial deciden incluír os produtos de comercio xusto nos seus establecementos. Esta mixtura, lonxe de provocar unha mellora da situación comercial, provoca un dobre equívoco, por unha banda engana ao consumidor facéndolle pensar que contribúe á solución de problemas sociais noutros países, e por outra sérvelle para ocultar que tras esa práctica existe unha realidade laboral e social que debemos cambiar.

O comercio xusto non se pode reducir a intercambios comerciais Norte-Sur, senón que tamén debe producirse nas relacións que se establecen aquí (comercio xusto Norte-Norte) e nas que se realizan nos países do Sur (comercio xusto Sur-Sur).

O Comercio Xusto non se pode sustraer á necesidade de presentar unha nova maneira de comercialización dos produtos tendo en conta o chamado dereito á **sobereanía alimentaria**, dereito que promove como principio básico que as comunidades consuman o que producen co fin de evitar o seu desabastecemento no traslado dos seus produtos cara zonas máis desenvolvidas, así como un consumo enerxético desmesurado no transporte e conservación. Unha vez máis atopamos ás empresas que xestionan as grandes superficies detrás de enormes extensións adicadas ao monocultivo co fin de surtir de produtos aos seus puntos de venda; todo isto sen ter en conta os dereitos e necesidades dos produtores e as súas comunidades.

A produción e o **mercado local** ou de proximidade deben ser promovidos como unha ferramenta máis de sostenibilidade e reparto equitativo da riqueza, á vez que garante a calidade dos produtos, limitando o comercio a gran distancia aos produtos estrictamente necesarios así como a determinadas fontes de enerxía. Esta nova maneira de comercialización non pode ser unicamente unha estratexia senón tamén un **dereitos dos pobos**.

Con todo o relatado, ¿que pretende o comercio xusto?, ¿vender máis, ou **romper as inxustas regras do xogo**?. ¿O comercio xusto é un discurso asistencialista ou un **movemento social** que loita pola **transformación do sistema** e por acabar coas súas inxustizas e desigualdades?.

Saiamos do engano. Un comercio verdadeiramente xusto soamente será posible nun sistema político, económico e social que rompa coas políticas neoliberais que unicamente enriquecen a uns poucos e agrandan as desigualdades. Nun capitalismo

de rostro humano, onde as desigualdades sexan máis “sostibles”, o comercio xusto non terá cabida.

Outro mundo será posible... con outro consumo.

#### BIBLIOGRAFÍA:

CARRARO, F., FERNÁNDEZ, R., VERDÚ, J. (2006): *El rompecabezas de la equidad*. Barcelona. Icaria.

GALINDO, P. (coord.) (2006): *Agroecología y Consumo Responsable*. Madrid. Kehaceres.

MONTAGUT, X. e VIVAS, E. (2006): *¿Adonde va el comercio justo?*. Barcelona. Icaria.

MONTAGUT, X. e VIVAS, E. (2007): *Supermercados, no gracias*. Barcelona. Icaria.

### 4.3. Cooperativa de consumidores

#### Cooperativa de Consumidores “Eirado”

“Eirado” é unha cooperativa de consumidores que está nacente en Santiago, en colaboración coa asociación para o comercio xusto “Panxea”, e que pretende ser unha alternativa ó modelo de consumo que se propón habitualmente na sociedade na que vivimos e que nos leva á destrución do noso planeta e á degradación dos nosos hábitos alimentarios.

Nos últimos anos, o noso xeito de comprar, de alimentarmos e de relacionarmos coa terra deu un xiro de 180°. As tendas de barrio, os alimentos de proximidade e tempada, o mundo rural, foron minguando en favor dunha crecente mercantilización e industrialización da agricultura e a alimentación.

A partir dos anos 80, no Estado español empezaron a xeralizarse os supermercados e hipermercados como un novo xeito de facer a compra, máis rápida e onde varios produtos podíanse atopar nun mesmo lugar. A consolidación deste novo modelo de establecemento, o que se chamou “a distribución moderna” cambiou o onde, o como, e o qué consumimos xerando graves impactos no pequeno produtor e labrego, no comercio local, no ambiente, nas condicións laborais e no modelo de consumo.

No estado español mais do 80% das compras xerais, e case un 65% das compras de alimentación realizámolas en cinco grandes cadeas: Carrefour (carrefour, dia, champion, prycia, continente, plus), Mercadona, Eroski-Caprabo, Auchan (Alcampo, Sadeco, ...), El Corte Inglés (Hipercor, Opencor, ...), e dúas centrais de compras: Euromadi e IFA.

Xuntas conforman un oligopolio de control do mercado sobre toda a cadea de comercialización, xa que o seu poder de compra é tal que lles permite ter cautivos tanto aos produtores, que gañan cada vez menos, como aos consumidores, que pagamos cada vez mais polo que mercamos, sendo a distribución a gran beneficiaria. É a teoría do funil: millóns de consumidores por unha banda, miles de campesiños pola outra e tan só unas poucas cadeas de distribución, que no medio deste proceso, quéndanse todo o beneficio.



Así respecto dos produtores as grandes cadeas imponen o seu criterio en aspectos tan esenciais como o volume mínimo de vendas (promovendo as grandes explotacións e a “agroindustria”, medioambientalmente insostibles), prezos cada vez máis baixos, prazos de pago cada vez máis longos, envasado de parte da produción para as marcas brancas da propia cadea, etcétera.

Ese control supuxo que a renda agraria en España caese nun 23% nos últimos 3 anos e que exista un progresivo abandono do campo, coas conseguíntes consecuencias económicas, sociais, culturais e medioambientais (incendios, degradación do medio, perda da cultura rural, ...).

Respecto dos consumidores, ó seren practicamente a única porta de acceso ós produtos, tamén imponen un marxe de beneficios desorbitado, en moitos casos, máis do 400%, por exemplo no ano 2006 son significativos os casos da zanahoria (prezo orixe: 0.19, pvp: 0.97), o limón (prezo orixe: 0.11, pvp: 1.35), a mazá golden (prezo orixe: 0.30, pvp: 1.57), ou a laranxa (prezo orixe: 0.16, pvp: 1.30).

Ademais as grandes superficies tamén teñen un impacto a nivel ecolóxico pola importación de produtos dende grandes distancias (contaminación polo transporte, conxelación do produto, ...), polo exceso de empaquetado e residuos que xeran (desaparición de carnicería, froitería, ...), etcétera.

Tamén teñen impactos laborais e no tecido económico local porque a apertura dunha grande superficie acostuma a producir o peche de varias tendas de barrio, e a miúdo as condicións laborais que imponen ós seus traballadores/as tamén son inxustas (contratos basura, horas extras, dificultades á sindicalización, ...).

Fronte a esta situación, ¿qué podemos facer?. En primeiro lugar é fundamental tomar conciencia e denunciar o impacto deste modelo de distribución na nosa conterna e as consecuencias que ten a compra nestes establecementos.

A partir de aquí é necesario buscar alternativas concretas que nos permitan levar a cabo un modelo de consumo alternativo, e en Eirado pretendemos facelo devolvendo o protagonismo aos dous momentos esenciais da cadea: os produtores/as e os consumidores/as.

Con respecto aos produtores, favorecendo que poidan seguir vivindo e traballando no campo, mercando os seus produtos a uns prezos dignos que garantan a viabilidade do seu modo de vivir e traballar, recoñecendo o seu traballo, a calidade dos seus alimentos, promovendo a elaboración artesá e en orixe, e favorecendo a viabilidade medioambiental das súas explotacións.

Respecto dos consumidores, ó eliminar na máxima medida posible os intermedarios promovendo a compra a través de circuitos curtos de comercialización, permitiéranos acceder en condicións de prezo axustadas a alimentos ecolóxicos e que respeten os principios de comercio xusto (igualdade de homes e mulleres, salarios e condicións de traballo dignas, prohibición do traballo infantil, reinversión dos beneficios na propia comunidade, organizacións participativas e democráticas, etcétera).

Ademais serán produtos de gran calidade, e que garantan no noso consumo un tras-fondo ético e medioambiental.

Do mesmo xeito, a cooperativa promove un xeito de se autoorganizar os propios consumidores para facérmolos máis conscientes e responsables do noso consumo.

É necesario que nos informemos de onde vén e como foi producido aquilo que consumimos, por iso, o funcionamento da cooperativa garante a transparencia e a máxima información posible para tódalas partes implicadas no proceso dende o momento da plantación do alimento ata a chegada á nosa mesa.

Por último, Eirado promove un xeito de traballar colectivamente, así como a información e a formación sobre todo o relativo a agricultura ecolóxica, comercio xusto, consumo responsable, e outras vías de economía alternativa e solidaria, fomentando o desenvolvemento de modelos de produción e consumo alternativos.

## **4.4. Cooperativa de produtores**

### **ARCO: Agricultura de responsabilidade compartida.**

Charo Sánchez Parga  
Ecolabrega

O sistema actual non nos serve. A alternativa nace dun movemento consciente dos labregos/as. O camiño a seguir pasa por:

Responsabilidade e participación.

Recuperar a dimensión - solidariedade e equidade.

Circuitos de proximidade.

Venda directa, mercados locais , enfoque agroecoloxico.

As normas da AE non son suficientes, teñen que reflexar outros baremos.

#### **OBXECTIVO :**

Poucos papeis, pouca burocracia.

Soberanía alimentaria - agricultura social.

Xestión da confianza que provoque o mínimo de fraude posible. A confianza é un proceso cuxo desenvolvemento é progresivo.

Movemento formado por persoas e non por produtos.

Agricultura de calidade. Agricultura labrega na igualdade de xénero, et.

Voluntariado ou militancia rural- urbana de agroecoloxia.

Promover e implantar a venda directa, os circuitos comerciais de proximidade e locais.

Conservar e promover as variedades locais

## CONCEPTO:

Producir e consumir doutro xeito. Os grupos xurden da cooperación de proximidade equitativa entre labregas e consumidores, baseada sobre a solidariedade, a transparencia, confianza e a calidade dos produtos.

## COMPROMISOS CONSUMIDORES/AS:

Financeiro: merca anticipada dunha parte da colleita sobre un período de tempo determinado e a un custe equitativo.

Económico: reparto co labrego dos riscos sobre a Saa actividade (climatoloxía, pragas..).

Asociativo: participación na vida do grupo arco (distribución, comunicación, animación..).

## COMPROMISOS LABREGAS/OS:

Económico: entrega periódica de alimentos sans e frescos.

Ético: compromiso dos labregos a carta de principios do grupo.

Asociativo: lazo directo cos consumidores.

## OBXECTIVOS:

- Apoio a agricultura labrega de proximidade. Soberanía alimentaria dos territorios.
- Preservar o medio ambiente. Agricultura ecolóxica, biodiversidade, mantemento das terras, limitacións os oxm´s.
- Comercio equitativo entre labregas e consumidoras, reforzamento dos lazos sociais.
- Unha alimentación de calidade produtos sans e frescos, con gusto e diversificados sabendo sempre da procedencia do alimento.
- Responsabilidade dos consumidores .compromiso cidadán e solidario.
- Educación Preservar e transmitir o saber, información e formación dos consumidores, sensibilización na infancia.

## CONCIENCIA :

O mantemento das pequenas fincas sobre o territorio permite unha provisión de proximidade para os consumidores, ter un pago xusto e afirmar a importancia dos labregos na nosa sociedade co respecto do desenvolvemento durable imprescindible para o noso planeta.

## **Agricultura global ⇔ Agricultura local**

Consumir localmente e apoiar os produtos biolóxicos e tradicionais significa :

Consumir alimentos frescos. Sentir o sabor na súa totalidade.

Entrar en sincronía cos circuitos naturais o consumir alimentos de temporada. Unha alimentación saudable o evitar o consumo de alimentos procesados industrialmente.

Promover a seguridade alimentaria o evitar pesticidas, hormonas, químicos, oxm's..

Dar un valor real o diñeiro xa que o prezo do alimento é xusto.

#### **PROMOVER A SAÚDE AMBIENTAL .**

Amortiguan o troque climático, grazas a redución de emisións de CO2 e os usos dos combustibles.

Reducen o desperdicio, o 40 % do lixo doméstico é so embalaxe.

Axudan a estimar os custes do malgasto, o 60% dos produtos mercados son compulsivos nas grandes areas , e dicir, innecesarias.

Manteñen a diversidade, aumentan nun 30% o numero de especies e nun 50% o numero de organismos vivos.

#### **CONSUMIR SIGNIFICA:**

Contribuír a estabilidade da agricultura local.

Apoiar as economías locais a traveso do mantemento de mercados internos nas localidades.

Valorizar as poboacións locais e a súa cultura.

Participación .

Labregas mais consumidoras.

Sistemas ; mercados locais, sistema de caixas, colleita na granxa....

#### **PRINCIPIOS DE SOLIDARIEDADE :**

Conciencia critica.

Intervención a traveso do consumo.

Non nos agrupamos para economizar senón para sociabilizar.

Os labregos deben ser pequenos, producir ecolóxico, estacionario e local e ter condicións de traballo dignas.

#### **OS GRUPOS ARCO SON:**

Sistemas singulares, únicos, orixinais, son grupos caracterizados por compartir valores de cooperación, solidariedade, democracia, cidadanía, ética e respecto o medio ambiente as persoas e os animais.

Compartimos intereses comúns nun ambiente de aprendizaxe mutuo. "Do campo a mesa" a relación entre o que produce e o que come, e clara . comer é un acto agrícola.

Xera un sentimento mutuo e forte de autosuficiencia fronte o sistema. O valor buscado non é monetario e mais experiencia de crecemento e desenvolvemento de valores conservando a tradición e fortalecendo ao grupo.

Grupo implica un troque de comportamento, e dicir o replantexamento do seu vivir diario.

Os membros destes grupos ou comunidades comparten unha postura ideolóxica, alternativa, consciente e asumindo unha postura interventiva en cada unha das fases do proxecto.

## 4.5. Cousoteca

### Proxecto Cousoteca

Miguel Garcia Nogales<sup>15</sup>

#### De que vai o asunto?

Vai de que esta sociedade do consumo compulsivo e insolidario tenos acostumados e acostumadas a comprar, comprar, comprar...moi alén do necesario. Que facemos hoxe cando precisamos ou, simplemente, temos vontade de algo? Pois compralo. E cando non o necesitamos ou deixamos de ter vontade diso? Pois ou ben o deixamos no fondo do armario/gabeta/baúl de turno, ou ben facemos que pase a engordar esa cantidade vergoñenta de lixo con que a *avanzadísima* sociedade ocidental contribúe día a día á destrución do planeta... O caso é que o mercado -e por tanto o consumo e o capitalismo- se ten convertido na resposta automática aos nosos desexos e ás nosas necesidades, e non debe selo, nin ten por que selo.

Queremos contribuir modestamente para a ruptura desa cadea necesidade-mercado-necesidade (que é correlativa á cadea traballo-consumo-traballo), porque achamos que esa é a cadea coa que o capitalismo agarra así as nosas vidas, porque cremos máis nas persoas do que nos centros comerciais, porque queremos compartir e non comprar, criar comunidades e non caracois, vivir e non traballar.

#### Si, vale... mais entón?

Ocorréuse-nos construír unha **comunidade de intercambio e empréstanos de bens e servizos** cos seguintes obxectivos: mudar radicalmente a nosa relación coas cousas (tan mediada hoxe polos conceptos de valor, mercadoría e propiedade privada), mudar a nosa dependencia do mercado pola dependencia da comunidade e acceder a unha cantidade maior de bens e de servizos sen ter que pasar antes polo traballo, os cartos e o mercado.

A base desta idea son dúas reflexións. É a primeira: As bibliotecas son un dos mellores e mais nobres inventos da humanidade. Por unha banda porque permiten o acceso á literatura e ao coñecemento do conxunto da poboación, e por outra porque establecem unha relación entre as persoas e as cousas non fundamentadas no mercado nin na propiedade privada, mas no empréstanos e na colectivización. Con toda a lóxica do mundo, a alguén ocorréuse-lle un día que era absurdo as persoas tiveran que comprar un libro para lelo ou consulta-lo apenas durante 15 días ou un mes, e despois almacena-lo nun estante a coller po. As necesidades e os desexos de leitu-

---

<sup>15</sup> Este texto foi enviado en norma reintegracionista, unicamente por motivos de edición trasladouse á normativa do ILG, agradecemos a comprensión do autor.

ra podían satisfacerse dunha forma mais barata, ampla e solidária se os libros pasaban a estar dispoñíbeis, a través do empréstemos, para o conxunto da poboación. Agora ben, os libros non son os únicos obxectos que só utilizamos por tempo limitado ou de forma esporádica. Ferramentas, brinquedos, tendas de campismo, bicicletas, roupa, a *minipimer*, a bola de fútbol, filmes, o disc-man, a cámara de vídeo, o carro... ha un monte de cousas que, nunha sociedade non rexida pola ansia compulsiva de comprar e vender, deberían estar ao noso dispor en grandes "cousatecas".

A segunda reflexión vai polo mesmo camiño: cantas cousas que outras persoas poderían querer utilizar temos nós nas nosas moradas a producir po? E cantas cousas que nós gostaríamos de utilizar están a producir po nas moradas de outras persoas? Estás a percibir xa por onde vai o asunto, non é? **Menos comprar, e mais compartir.**

### **Comprendido! Cal é entón a proposta concreta?**

O ideal sería contarmos cun grande almacén no que, a través do empréstemos, practicamente todo estivese dispoñíbel de graza para o conxunto da poboación. Mais como aquí e agora iso non o vemos factíbel, propomos comezarmos (ensaiarmos) esta experiencia tirandolle o máximo partido á infraestrutura de que dispomos: **os nosos fogares, a internet e o Centro Social**<sup>16</sup>. Vamos ao grao:

Podemos constituír e xerar esa comunidade de empréstemos e intercambio a través de internet, da seguinte maneira: unha páxina web disporía, a través dunha base de datos (ordenada por categorías) e un buscador, todos os bens e os servizos que os membros da comunidade gardan nas súas casas mas que están dispostos a emprestar. Ao propio tempo, a páxina web será utilizada por calquera membro da comunidade para procurar algo que desexar: se no momento da busca a cousa en cuestión estiver dispoñíbel, a usuaria ou usuario podería colle-la emprestada por un período de tempo máximo prefixado. Automaticamente, a páxina web enviará un correo electrónico ou un SMS á persoa propietaria para indicar-lle que a súa "bola de fútbol" foi solicitada por alguén para ser utilizada un día, e que por tanto debe deixala no Centro Social antes dese día, e pasar a recollela despois do día fixado. Así de simples.

### **Quen podería facer parte da comunidade de empréstemos?**

A idea sería que calquera persoa que disponibilizar cousas para seren utilizadas por outras persoas, pasase automaticamente a ser membro da comunidade. Ou dito doutra forma, **o único requisito para facer parte é contribuir con algo á Cousateca**. Se te fixas, outro modelo próximo á nosa idea sería o e-mule: unha rede de intercambio da que fas parte apenas con dispoñer algo para a comunidade.

---

<sup>16</sup> Esta idea xorde no contexto asociativo de Ourense, no local social d´A Esmorga.

## **Mais que acontece se eu o que eu empresto é estragado ou demoran en devolvermo?**

**A falta de coidado coas cousas é unha actitude tipicamente consumista.** O mercado, para funcionar a través da venta constante de cousas, necesita non só que estas sexan de mala calidade (un aparello indestrutíbel sería a ruína da empresa que os comercializase), mais tamén que nós nos desprendamos de todo coidado por conservarlas, mimalas, reparalas, non perdelas... Esa actitude é frontalmente oposta ao espírito que sustenta esta iniciativa: o coidado das cousas debe ser unha máxima, se tamén coas nosas propias cousas, aínda máis coas dos demais.

Todo membro da comunidade debería comprometerse a retornar a cousa emprestada tal e como a recebeu. Se, no seu uso, unha persoa ensucia algo, deberá limpa-la antes de a retornar á súa ou ao seu dono; se a estraga, deberá reparala, e se a perde, deberá recuperala ou retornar unha igual. As demoras poden ser punidas cun período de tempo durante o cal non se poden pedir mais cousas emprestadas, ou ben cunha multa económica.

### **Umm... xa apareceu o diñeiro...**

Con efecto, esta sería unha posibilidade a valorar. O caso é que, á marxe do efecto punitivo da multa, podería ser interesante que a Cousateca dispuxese dalgún tipo de recursos económicos. Con eles poderíanse tanto reparar cousas estragadas de forma natural polo uso, canto adquirir novos bens para o uso colectivo da comunidade. Outra posibilidade sería establecer unha cota (baixa) de asociación.

**Podería funcionar! Cando comezamos entón?**

## 5. Epílogo. Militancia, economía e seculo XXI.

Raúl Asegurado Pérez  
Presidente de AIS “O Peto”

Gostaría facer un epílogo que recolla a cuestión vertebradora do noso quefacer como asociación, ese quefacer que nos fai mirar alén dos nosos horizontes, que non é outro que facer operativa unha forma de construción da propia vida na súa dimensión máis globalizadora, persoal e social. É dicir, transformar o mundo e transformarnos a nós mesmos en suxeitos revolucionarios, encarnando os valores que pretendemos e anhelamos para todas e todos. A militancia, comprendida como honradez política (social e persoal) coa súa dobre faciana de sacrificio e humildade. Entender esto en concepto económicos no mundo que nos rodea, lévanos a falarnos de austeridade como honradez política, pois é simplemente asumir a situación na que vive máis do 85% da humanidade, como loita contra o neoliberalismo e a súa pretensión de alimantar a tendencia a acaparar e consumir ilimitadamente, austeridade contra o apego material, como forma de ter pouco lastre para o camiño...

Sacrificio; ningún goberno do malchamado primeiro mundo actualmente, quere eliminar a pobreza nin atacar as causas da desorde neoliberal, que facer entón? Agardar a que cambien esta forma de actuar ou crear mecanismos creativos que axuden á liberación das sociedades empobrecidas?, a nosa coherencia de vida, a nosa praxe diaria (filosofía da praxe gramsciana) é a que forxará unha forma de entender a vida alén de vitorias e derrotas: fronte ao pesimismo da razón o optimismo da vontade, ou en linguaxe mounieriana: o optimismo tráxico. O mundo, a nosa sociedade, está necesitada urxentemente, non de teorías da revolución, senón de vontades revolucionarias, de militancias encarnadas, de mans sucias. As ideas que no se experimentan morren, dicía Roviroa.

“Pola causa ningún esforzo parecía-me suficiente. Os días, as noites, os minutos, os segundos, todo foi dado pola causa. Nin para os meus fillos e miña compañeira tiña un momento de atención nin de intimidade. Estaba seguro de que traballando por todos, traballaba por eles tamén. Que si o meu esforzo contribuía ao advenimento dun pouco máis de xustiza social dela participarían tamén os meus”. (Ángel Pestaña)

A humildade: Dicía Rosa Luxemburgo, “a urxencia da revolución non nos debe facer pisotear as flores de Berlín”, porque o pequeno é fermoso. Porque son tantas as fronteas e tantas as respostas que hai que dar, porque toda acción do ser humano é imperfecta, porque erramos e aprendemos dos erros, porque é unha disposición constructiva para o diálogo e para a recepción revolucionaria, porque nunca se é máis, porque ao poñernos mans á obra, as nosas mans vanse ensuciar, e entón os e as compañeiras deberán corrixirnos e aceptar humildemente a súa axuda.

Debemos ternos por sabedores dunha singradura longa, que precisa recias vontades, para convertirmos nunha desas minorías irreductíbeis necesarias para a transformación da sociedade.



“Son cousas chiquitas, non rematan coa pobreza, non nos sacan do subdesenvolvemento, on socializan os medios de produción e de cambio, non expropian as covas de Alí Babá. Pero quizáis desencadenen a ledicia de facer, a traduzan en actos. E ao fin e ao cabo, actuar sobre a realidade e mudala, aínda que sexa un pouquiño, é a única maneira de probar que a realidade é transformábel” (Eduardo Galeano)

O neoliberalismo invade até os espazos máis íntimos do ser humano, non só a esfera social, senón toda a vida dende o nacemento até a morte, por tanto a vida, convértese en militancia, en milicia contra a malicia dun sistema perverso, encarnando os valores da austeridade, a humildade e o sacrificio como únicos resortes de defensa da nosa liberdade individual. Sartre dicía, (ao igual que casi todo o existencialismo) que somos inevitabelmente seres libres (“tu y yo muchacha estamos hechos de nubes, pero quién nos ata? pero quién nos ata?” dicía a canción), mais esta liberdade polo exposto anteriormente está continuamente ameazada.

A loita social e a vida persoal son expresións naturais da propia vida do ser humano, vida non encasillada, senón unha e única, a fraternidade como concepto emancipador do ser humano chama coas súas novas esixencias a asumir o protagonismo esquecido. Irmáns e irmás, irmandiños todos/as (da nosa tradición galega), en palabras do Zeca: é o povo quen máis ordena porque así nolo ensinou a historia. Aportemos novos mecanismos de transformación, poñamos o noso sacrificio e a nosa humildade a disposición do novo mañá, e solio a vontade nos levará máis alá das victorias e das derrotas, é máis, como dicía Luxemburgo, solio así poderemos incluso amar as derrotas porque son parte necesaria para ese mañá que anhelamos. E a pobreza? A marxinal, a que escraviza a que é imposta e non libremente aceptada, hai que combatela, hai que evidenciala porque é un ataque contra a dignidade do ser humano e é produto da inxustiza, esta pobreza non ten patria nin raza, é internacional e así hai que combatela. A austeridade, a pobreza liberadora como asimilación da mesma, é un desafío persoal ao que todo ser humano inxerido nunha sociedade neoliberal e consumista ten que tender para que a súa vida sexa coherente e rica en valores socialistas, humanos. Ánimo, saúde, e un abrazo fraternal na loita común.

# Anexos

## Bibliografías e páginas web de interés

Dominguez, Joe y Robin, Vicki. (1997), *La bolsa o la vida*, Ed. Planeta

Durning, Alan Thein. (1994), *¿Cuánto es bastante?. La sociedad de consumo y el futuro de la tierra*, Apostrofe Divulgación.

Díaz-Salazar, Rafael. (1996), *Redes de solidaridad internacional*, Ediciones Hoac.

Centro Nuevo Modelo de Desarrollo. (1996), *Carta a un consumidor del norte*, ACC.

Conil, Jesús. *Horizontes de economía ética*. Tecnos. 1ª Edición.

Daniel Raventós. *Las condiciones materiales de la libertad*. El Viejo Topo, Barcelona, 2007.

Maricruz Lacalle Calderón (2002) *Microcréditos. De pobres a microempresarios*. Editorial Ariel. Barcelona.

Merkel, Jim. (2005), *Simplicidad Radical. Huellas pequeñas en una tierra finita*. Fundación Tierra, Barcelona.

Parijs, Philippe Van. (1996), *Libertad real para todos. ¿Qué puede justificar el capitalismo?. Si hay algo que pueda hacerlo*. Barcelona, Ed. Paidós.

Jose Luis Samperdo e Carlos Taibo (2007) *Sobre Política, mercado y convivencia*. Ed. Catarata.

## Formación e páginas de interés

Renda Básica: [www.nodo50.org/redrentabasica/](http://www.nodo50.org/redrentabasica/)

Attac: [www.attac.org.es](http://www.attac.org.es)

La Hora de Mañana. Sección economía. [www.lahorade.com](http://www.lahorade.com)

Rebellion: [www.rebellion.org](http://www.rebellion.org)

REAS: [www.reasnet.com](http://www.reasnet.com)

Bibliografía consumo ético: <http://webs.uvigo.es/consumoetico/bibliografia.htm>

Sinpermiso: [www.sinpermiso.info](http://www.sinpermiso.info).

## Experiencias de banca ética

Fiare: [www.fiare.org](http://www.fiare.org)

Triodos Bank: [www.triodos.es](http://www.triodos.es)

Coop57: [www.coop57.coop/esp/actualidad/index.html](http://www.coop57.coop/esp/actualidad/index.html)

[www.opeto.org](http://www.opeto.org)

## Comercio Xusto

A Cova da Terra: [www.covadaterra.org](http://www.covadaterra.org)

Panxea: [www.panxea.org](http://www.panxea.org)

## Solidariedade tecnolóxica

Sólydi: [www.solydi.com](http://www.solydi.com)

# Réxime económico do fondo de solidariedade

## 1.- *Concepto:*

Enténdese por Fondo de Solidariedade o conxunto de aportacións que realicen os/as socios-socias a dito fondo, así como as recibidas en forma de donacións ou de bonos de participación de non asociados-as.

## 2.- *Obxectivo:*

Axuda económica para o desenvolvemento de proxectos de autoemprego ou de creación de emprego a nivel local, autonómico ou estatal. Esas axudas deben ser aprobadas pola Xunta Directiva, en xuntanza aberta á participación dos-as socios-as que esteán interesados-as.

## 3.- *Aportacións e Disposición do Fondo:*

Son as cantidades ingresadas polos/as socios-as, denomínanse “participacións”, tendo por unidade de participación un valor de 60 euros. Ese mesmo valor sería a unidade base de aportación para os bonos dos-as non asociados-as.

De cada aportación realizada polos/as socios-socias, e o mesmo sucederá con cada bono dos-as non asociados-as, reservarase un 10% para cubrir gastos de administración interna e para as accións educativas e divulgativas que recollen os Estatutos.

As aportacións económicas efectudas como participacións ou como bonos poderán ser recuperadas nun 90% transcorrido un ano natural dende a data do seu depósito, coas limitación indicadas no apartado 7 deste Réxime.

O Fondo deberá contar cunha cantidade mínima inicial de 6000 Euros para comezar cos préstamos.

Establécese unha porcentaxe máxima dun 33% do capital adicado ao préstamo.

## 4.- *Devolución do diñeiro polos-as beneficiarios-as:*

Cando o Proxecto que reciba financiamento estea en condicións de retornar o préstamo, a cantidade devolta pasará a formar parte do Fondo, quedando a disposición para financiar outros proxectos.

Os préstamos realizados deberán ser retornados nalgunha das seguintes modalidades:

- Principal.
- Principal máis intereses (máximo o IPC)
- Principal máis interese complementario do tipo “non lucrativo”, é dicir máis baixo que o comercial dese momento.

Se os resultados económicos do Proxecto non permiten o retorno do préstamo ao Fondo, darase de baixa o seu importe en Xunta Directiva, obténdose un novo total de Fondo (Total Consolidado) e deducíndose da aportación de cada socio-a e dos bonos dos non asociados-as correspondentes.

Enténdese por Total Consolidado, o valor do Fondo axustado tras ter feito o balanzo dos proxectos en curso, deducíndose o importe dos proxectos deficitarios.

#### **5.- *Composición do Fondo:***

As cantidades depositadas no Fondo estrutúranse da seguinte maneira:

- O 10% das participacións, bonos e donacións quedan reservadas para accións educativas e divulgativas.
- O 90% restante destinaranse a proxectos directamente aprobadas pola Xunta Directiva en sesión aberta, con posibilidade de participación na toma de decisións de calquer socio-a. Con carácter previo informarase a tódolos-as socios-as das xuntanzas para este fin, así como de forma rápida das decisións tomadas en relación cos proxectos presentados.

#### **6.- *Modificación da estrutura do Fondo:***

A estrutura do Fondo poderá ser modificada pola Asemblea Xeral , pero sempre deberá reservarse o 10% para administración e formación. Se fora necesario ampliar esta dotación non se faría en ningún caso con cargo ao 90 % restante. Sería necesario ampliar o Fondo solidario mediante o incremento de participacións ou bonos para aumentar a dotación para eses fins.

#### **7.- *Forma e prazo para a Devolución das cantidades depositadas polos/as socios/as e para os bonos:***

Os socios e as socias e os non asociados ou non asociadas que mercaran bonos poderán retirar as cantidades depositadas no Fondo. Para retirar o diñeiro dispoñíbel en Caixa teranse en conta os seguintes criterios:

- Para solicitar a devolución do 25 % das cantidades depositadas baixo a forma de participacións ou bonos deberá solicitarse polo/a interesado/a cun mes de antelación.
- Para solicitar a devolución de máis do 25% e de menos do 50% será necesario solicitarlo con dous meses de antelación.
- Para retirar máis do 50% serán necesarios tres meses de antelación.

Para realizar estas devolucións é necesario realizar, con carácter previo, Balanzo da situación do Fondo (Fondo Consolidado), por si fora preciso axustalo por resultar algún proxecto deficitario.

Cando houbera varias solicitudes de devolución resolveranse por orde de entrada.

Se en Caixa non existise remanente de abondo para atender o total solicitado como reintegro, deberá esperarse á devolución de capital procedente dalgún dos préstamos.

A Asemblea Xeral poderá decidir outras formas que melloren a devolución das cantidades depositadas como participacións e como bonos.

No caso da disolución da Asociación, cada socio-a e cada non asociado-a con bonos, poderán retirar as súas respectivas aportacións, conforme establecen os Estatutos.

#### **8.- Información ós-ás socios-as e os-as non asociados/as con bonos**

Esta información debe conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Total de diñeiro existente no Fondo de Solidariedade.
- Cantidade co correspondente desglose adicada a Proxectos.

#### **9.- Proxectos: presentación, toma de decisión e xestión**

A presentación dos proxectos deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Presentación e "aval" dalgún socio/a.
- Informe de viabilidade elaborado pola técnica da Asociación Plataforma polo Emprego, entidade coa que se asinara un convenio para tal fin.
- A Xunta directiva en xuntanza comunicada a tódos/as os/as socios/as para que poidan participar na mesma, con igual dereito a voto, aprobará a concesión dos préstamos por maioría cualificada. (2/3 dos e das participantes na Xuntanza)
- A Plataforma polo Emprego encargarse do apoio e seguimento dos proxectos que se poñan en marcha.
- A Xunta Directiva supervisará e levará a cabo un seguimento periódico dos proxectos, en base aos informes realizados pola Entidade asesora.

# Asócia-te: Boletín Alta socio/a

Para darte de alta como socio/a tes que facerte con participacións de 60 €, e ingresalos na conta Caixa Rural Galega 3070 0035 25 6026663424. Logo envíanos o boletín de alta de socio/a cuberto xunto co comprobante do ingreso.



---

## BOLETÍN DE ALTA DE SOCIO/A

Nome: \_\_\_\_\_

D.N.I./N.I.F./C.I.F.: \_\_\_\_\_

Enderezo postal: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_

Teléfono/s: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

### TIPO DE ALTA:

Socio \_\_\_\_\_

Colaborador non socio \_\_\_\_\_ (participa con capital, sen condición de socio)

Número de participacións: \_\_\_\_\_ por valor de 60€ cada unha.

**Nº de conta: Caixa Rural Galega 3070 0035 25 6026663424**

A.I.S.- "O PETO"

R/ San Roque 6 BIS

C.P. 15704 Santiago de Compostela

Para máis información: [ais\\_opeto@hotmail.com](mailto:ais_opeto@hotmail.com)

Telf. 981 57 61 42

Fax. 981 58 05 06







